



# ÍNDICE

<b>1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN</b> .....	3
<b>1.1. INTRODUCCIÓN</b> .....	3
<b>1.2 CONTEXTUALIZACIÓN</b> .....	3
<b>2. METODOLOXÍA</b> .....	4
<b>3. OBXECTIVOS</b> .....	6
<b>4. COMPETENCIAS CLAVE</b> .....	8
<b>5. CURSOS ACADÉMICOS</b> .....	10
<b>5.1 SEGUNDO CURSO</b> .....	10
<b>5.1.1 Obxectivos</b> .....	10
<b>5.1.2 Secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación e estándares avaliados</b> 12	
<b>5.1.3 Criterios de avaliación por competencias clave</b> .....	19
<b>5.2 CUARTO CURSO</b> .....	20
<b>5.2.1 Obxectivos</b> .....	20
<b>5.2.2 Secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación e estándares avaliados</b> 22	
<b>5.2.3 Criterios de avaliación por competencia clave</b> .....	32
<b>6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b> .....	33
<b>6.1 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN</b> .....	33
<b>6.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN</b> .....	33
<b>7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</b> .....	35
<b>7.1 CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTAIS</b> .....	35
<b>7.2 CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN FINAL</b> .....	36
<b>7.3 CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN FINAL EN XUÑO</b> .....	36
<b>8. GRAO MÍNIMO PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA</b> .....	37
<b>8.1 GRAO MÍNIMO 2º ESO</b> .....	37
<b>8.2 GRAO MÍNIMO 4º ESO</b> .....	38
<b>9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE</b> .....	38
<b>10. ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE</b> .....	40
<b>11. AVALIACIÓN INICIAL</b> .....	40
<b>12. PLAN LECTOR</b> .....	41
<b>12.1 OBXECTIVOS</b> .....	41
<b>12.2 METODOLOXÍA E RECURSOS</b> .....	42
<b>12.3 ACTIVIDADES</b> .....	42
<b>12.4 TEMPORALIZACIÓN</b> .....	44
<b>12.5 ITINERARIOS LECTORES</b> .....	44
<b>12.6 AVALIACIÓN</b> .....	48

<b>13. CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.....</b>	<b>48</b>
<b>13.1. EDUCACIÓN AMBIENTAL.....</b>	<b>48</b>
<b>13.2. EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA.....</b>	<b>48</b>
<b>13.3. EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA.....</b>	<b>48</b>
<b>13.4. EDUCACIÓN MULTICULTURAL.....</b>	<b>48</b>
<b>13.5. EDUCACIÓN NON SEXISTA.....</b>	<b>48</b>
<b>13.6. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE.....</b>	<b>49</b>
<b>13.7. EDUCACIÓN PARA A TOLERANCIA E O RESPECTO.....</b>	<b>49</b>
<b>14. TRATAMENTO DAS TICS.....</b>	<b>49</b>
<b>15. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO.....</b>	<b>50</b>
<b>16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA.....</b>	<b>51</b>
<b>17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....</b>	<b>51</b>
<b>18. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS.....</b>	<b>52</b>
<b>19. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO.....</b>	<b>52</b>
<b>20. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN.....</b>	<b>53</b>
<b>21. ANEXOS.....</b>	<b>54</b>

# 1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

## 1.1. INTRODUCCIÓN

*“Se aínda somos galegos é por obra e gracia do idioma”*. A.D.R. CASTELAO

Programar consiste en estruturar as tarefas educativas mediante unha serie de accións que a/o docente desempeña para organizar, executar, regular e avaliar unha actividade didáctica.

Esta programación está encadrada no paradigma da Lei orgánica 8/2013 para a mellora da calidade educativa (LOMCE), que á súa vez modificou a Lei Orgánica de Educación (LOE) 2/2006 coa finalidade de desenvolver medidas encamiñadas cara a un sistema educativo de calidade que garanta a equidade, a igualdade de oportunidades, a atención á diversidade e que posibilite que cada alumno e cada alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

Neste curso 2022/2023 atopámonos nunha **etapa de transición entre dúas leis educativas** (LOMCE e LOMLOE). Esta situación lévanos a programar seguindo a **LOMCE os cursos de 2º ESO e 4ª ESO** e seguindo a **LOMLOE os cursos 1º ESO e 3º ESO**. Neste documento estarán recollidos **só os cursos LOMCE**, mentres a programación dos curso LOMLOE será realizada a través da aplicación PROENS. Esta programación está estruturada segundo as instrucións recollidas na resolución do 20 de xullo de 2017 (DOG do 29 de xullo de 2015) no seu artigo 13, relativo a programación didáctica e no Decreto 86/2015. Tamén terá relevancia a orde do 10 de febreiro de 2014 pola que se desenvolve o decreto 79/2014 do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino, con relación á exención da nosa materia.

A pesar do recoñecemento de cooficialidade por parte da Constitución (art.3), do recoñecemento como lingua propia de Galicia polo Estatuto de Autonomía (art.5) ou da protección a nivel educativo que se fai na Lei de Normalización Lingüística (art.14), os estudos sociolingüísticos actuais amosan un retroceso do uso do galega na mocidade, que non ve na nosa lingua unha ferramenta válida para as novas situación comunicativas.

A materia de Lingua Galega e Literatura na ESO oríentase tanto á aprendizaxe instrumental do idioma como á comprensión da realidade lingüística de Galicia, co obxecto de desenvolver nos escolares, ademais do uso correcto, unha actitude de aprecio e de sensibilidade cara á lingua galega e a súa aceptación social. Non se pode esquecer a **situación de minorización** da lingua galega, que cómpre atender e dinamizar adecuadamente. A finalidade principal é **impulsar a normalización da nosa lingua**.

## 1.2 CONTEXTUALIZACIÓN

O CPI da Cañiza é un CPI (Centro Público Integrado) situado na Cañiza. Trátase dun concello rural, de media montaña e ben comunicado. Conta con todos os servizos dunha vila tipo: centro de saúde, biblioteca pública,

casa da cultura, polideportivo, mais está afastado de lugares considerados centros económicos e culturais, polo que as actividades para a mocidade son limitadas.

Aproximadamente a terceira parte da poboación concéntrase no núcleo urbano da Cañiza, e o resto repártese en pequenos núcleos de poboación distribuídos en nove parroquias. No centro de secundaria recibimos tamén alumnado dos concellos de Crecente e Arbo. Cómpre ter en conta esta situación porque imos ter alumnado que non dispoña nin de equipos informáticos nin de conexión a Internet, o que vai dificultar o proceso de aprendizaxe non presencial.

Se atendemos aos datos do Proxecto Lingüístico do Centro (Decreto 79/2010), aínda que o galego sexa a lingua predominante nos fogares, nas interaccións comunitarias, a lingua empregada polo concello na comunicación cos administrados e polas entidades asociativas do contorno, cómpre resaltar que na meirande parte do alumnado dos núcleos de maior poboación e con poboación máis nova apreciamos un retroceso no proceso galeguizador (reflectedo nas enquisas cubertas polos país do alumnado de 1º e 2º ciclo de Primaria).

O alumnado galego debe rematar a súa escolarización co nivel de usuario competente nas dúas linguas oficiais, galego e castelán, o que implica a utilización adecuada e eficaz das dúas linguas nun amplo repertorio de situacións comunicativas, propias de diferentes ámbitos, cun grao crecente de formalidade e complexidade.

Para logralo cómpre concienciar o alumnado da utilidade do galego en todos os ámbitos (relación interpersoais, música actual, presenza nas redes sociais, etc.) e acabar cos prexuízos lingüísticos. Amosarlle que o galego é unha lingua rica, sen connotacións políticas nin socioeconómicas. En definitiva unha **lingua actual e útil**.

## 2. METODOLOXÍA

Ao final da Educación Secundaria Obrigatoria o alumnado debe ser capaz de interaccionar adecuadamente nas situacións de comunicación fundamentais dos ámbitos escolar, social, cultural e profesional. A lingua é unha das ferramentas fundamentais que vai utilizar para relacionarse na sociedade, para adquirir novos coñecementos e entender a realidade, para analizar criticamente a información, para xerar e difundir ideas ou opinións e mais para expresar a súa afectividade e regular as emocións.

A apreensión das formas, estruturas e regras realízase mediante a reflexión e indución sobre os usos contextualizados e ten que redundar no perfeccionamento destes. Esta concepción implica unha sistematización progresiva ao longo da etapa do funcionamento da lingua, co asentamento dunha metalinguaxe axustada e, asemade, o achegamento gradual á reflexión sobre discursos cada vez máis complexos.

A lingua tamén é transmisora de significados culturais e iso supón atender a aspectos como o seu papel de depositaria e, ao mesmo tempo, conformadora dunha determinada visión do mundo ou cultura e, así mesmo, como lugar de proxección simbólica de identidades. Deste xeito, a materia de lingua galega e literatura debe garantir un coñecemento reflexivo e práctico do idioma que leve o alumnado a sentirse seguro para usalo con propiedade en calquera situación, mais tamén debe contribuír á comprensión e á valoración da realidade plurilingüe en que nos movemos e á superación dos prexuízos que bloquean o uso do galego en determinados contextos ou con determinadas persoas, encarando os condicionamentos sociolingüísticos derivados do proceso de minorización que sofre.

O estudo da literatura pode e debe ser abordado desde diferentes perspectivas. En concreto, debe contribuír á capacitación comunicativa do alumnado ao fornecerlle modelos de lingua apropiados e creativos en que prima a dimensión estética, pero tamén se erixe como fonte de pracer e de enriquecemento persoal e como manifestación dunha cultura diferenciada.

A literatura tamén contribúe a mellorar o gusto pola lectura, a súa capacidade de comprensión e interpretación de mensaxes escritas e a formar o espírito crítico do alumnado, máxime se temos en conta que o noso alumnado nos resultados das últimas probas de diagnóstico reflicten moitas eivas tanto na comprensión e expresión coma na produción de textos propios.

Por outro lado, cómpre lembrar que a aprendizaxe lingüística non se fai só na clase de lingua galega e literatura, senón que outros axentes, como os medios de comunicación, a familia, a s compañeiras e os compañeiros, así como o profesorado doutras áreas, inciden na adquisición das habilidades comunicativas do alumnado.

Convén buscar a maneira de sacar partido aos coñecementos lingüísticos e literarios que ten o alumnado, aproveitando todos os contidos adquiridos nunha das materias para a aprendizaxe das outras. Unha proposta didáctica integradora das distintas linguas do centro asegura a transferencia de saberes entre elas.

As liñas metodolóxicas xerais que se extraen de todo o anterior deberán:

- ✚ Considerar o nivel de capacidade do alumno e estimular novos niveis de capacidade, xa que o pensamento abstracto se manifesta de maneira moi diferente dependendo dos coñecementos previos de que parten os alumnos.
- ✚ Promover o desenvolvemento de competencias básicas e específicas.
- ✚ Estimular a transferencia e conexión entre os contidos, tanto entre os distintos bloques da materia como entre as diferentes materias.
- ✚ Dar prioridade á comprensión dos contidos que se traballan fronte á súa aprendizaxe mecánica.
- ✚ Contribuír ao establecemento dun clima de aceptación mutua e de cooperación, promovendo a organización de equipos de traballo e a distribución de tarefas e responsabilidades entre eles.
- ✚ Fomentar a participación, a reflexión, tanto individual como grupal.

- ✚ Operar non só sobre o concreto senón tamén sobre conceptos e ideas.
- ✚ Fomentar a formulación de hipóteses.
- ✚ Buscar, seleccionar e tratar a información.
- ✚ Expresar correcta, clara e ordenadamente os resultados.
- ✚ Relacionar os saberes aprendidos nas distintas materias.

Pretendemos unha colaboración estreita con outros Departamentos (Lingua e literatura castelá, EPeVisual, CCSS, Música, Linguas estranxeiras...) para cooperar e organizar a distribución de contidos, conceptos, actividades extraescolares, etc. E así fomentar un estudo en conxunto desde diversas áreas que será moi beneficioso para a aprendizaxe do alumnado.

### 3. OBXECTIVOS

Os obxectivos que imos traballar veñen regulados pola Lei Orgánica 8/2013, para a Mellora da Calidade Educativa. Á hora de enumeralos e glosalos tamén se tivo en conta o Artigo 10 (Capítulo I, Título I) do Decreto 86/2015. Así pois, a Educación Secundaria Obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado as capacidades que lles permitan:

**a)** Asumir responsablemente os seus deberes; coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais; practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos; exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.

*Para a consecución deste obxectivo promoverase o traballo en grupo que axudará a mellorar o trato entre iguais e traballo en equipo. Ademais realizaranse debates partindo de noticias da actualidade que poidan levar ao alumnado a comprender mellor a sociedade que os rodea.*

**b)** Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.

*Para isto, tentarase crear un método para realización das actividades. Partirase do xeral para achegarse ao concreto, sempre co alumnado como principal protagonista.*

**c)** Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.

*Ademais de amosarlle ao alumnado casos de discriminación por causa do sexo, escoitarase a opinión de cada un para chegar a unha reflexión crítica que os leve á orixe deste problema social.*

**d)** Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.

*Ensinarlle as consecuencias da violencia na sociedade, de conflitos bélicos e diplomáticos actuais e de situacións que incitan ao odio entre persoa axudará a valorar e respectar aos compañeiros. O odio só xera odio.*

**e)** Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.

*Nun entorno tecnolóxico como o actual é necesario que o alumnado coñeza ferramentas útiles, que axuden na resolución de problemas, non só de carácter académico, senón tamén plataformas nas que se traten de xeito crítico temas actuais. Por outra banda, é básico o emprego das redes sociais como medio para expresar opinións e compartir material audiovisual de todo tipo.*

**f)** Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.

**g)** Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.

*Tanto para o traballo en grupo como para o individual, tratarase de estimular a creatividade e a proposición de ideas, sen medo a equivocarse. Calquera proposta que se presente será válida se se reflexiona de xeito crítico sobre ela, se lle dá forma e se estrutura.*

**h)** Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.

*Así pois, estimularase a escritura creativa e a expresión oral na nosa materia. Ademais, o alumnado coñecerá obras literarias, tanto actuais como dos períodos sinalados polo currículo, que sexan estimulantes e motivadoras.*

**i)** Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.

*No noso caso, o alumnado coñecerá a cultura lusófona e o concepto da lusofonía.*

**l)** Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural, coñecer mulleres e homes que realizaron achegas importantes á cultura e sociedade galega ou a outras culturas do mundo.



*Ademais do mencionado no punto anterior, coñecerase non só aos referentes da etapa literaria traballada, senón tamén a artistas actuais da contorna.*

**m)** Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e mellora.

*Tentarase que o alumnado desfrute da paisaxe que os rodea. Na zona hai numerosas rutas de sendeirismo que servirán tanto para a realización de actividade física como para coñecer a biodiversidade da zona.*

**n)** Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

*Achegarémonos a este obxectivo mediante a literatura, pero tamén mediante a música galega actual e a pintura. Darase prioridade ás expresións artísticas e culturais da contorna.*

**ñ)** Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e mellora e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara o exercicio deste dereito.

*Ademais do sinalado no punto anterior, procurarase que o alumnado coñeza de primeira man, mediante testemuños orais, a historia da súa zona e en consecuencia a de Galiza. Isto axudará a comprender a situación do idioma e as causas desta situación.*

**o)** Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

## **4. COMPETENCIAS CLAVE**

Segundo o Artigo 2 do Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia, as competencias son “as capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, e para lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”. Anteriormente, a Orde ECD/65/2015, do 21 de xaneiro, pola que se describen as relacións entre as competencias, os contidos e os criterios de avaliación da educación primaria, da educación secundaria obrigatoria e bacharelato, describía a funcionalidade das competencias clave no sistema educativo español. En relación co antedito marco legislativo. Incidiremos no desenvolvemento das competencias no noso alumnado:

**Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCT):** A análise das estruturas morfolóxicas, sintácticas e textuais supoñen un estímulo do razoamento lóxico. Consegui-la súa sistematización e a aplicación dun método rigoroso achéganos a esta competencia. Por outro lado, tanto a variedade tipolóxica e temática dos textos, como a comunidade á que pertence o alumnado servirá para amosar as diversas realidades do mundo científico e tecnolóxico.

**Comunicación lingüística (CCL):** Consegui-la mellorar a comunicación lingüística do alumnado supón, ademais de promover a reflexión sobre contidos gramaticais, pragmáticos e retóricos, incidir na práctica oral e escrita do noso idioma.

**Competencia dixital (CD):** O Plan TIC, busca mellorar esta competencia, ensinando ao alumnado a seleccionar información, empregala e reutilizala. Achegarse ao mundo dixital que rodea ao alumnado e aproveitalo como un estímulo será un dos piares desta programación. O uso e tratamento responsable e apropiado das novas tecnoloxías supón un novo modo de comunicación. Crear espazos dixitais comunicativos nos que se empregan os contidos propios da materia é esencial para o desenvolvemento desta competencia.

**Conciencia e expresións culturais (CCEC):** A expresión lingüística e o coñecemento cultural que se adquiren a través da literatura facilitan o desenvolvemento desta competencia. Terán relevancia neste punto a verbalización de emocións e sentimentos sobre as manifestacións literarias ou artísticas e as creacións propias. Ademais, cómpre amosarlle ao alumnado a cultura e arte da súa contorna.

**Competencias sociais e cívicas (CSC):** Interactuar cos compañeiros, co docente, co persoal do centro, coa comunidade e respectar as diferenzas axuda na mellora da convivencia e favorece o desenvolvemento das competencias sociais e cívicas. O uso do diálogo para chegar a consensos, a participación e compañeirismo deben estar presentes na aula para un mellor ambiente educativo. Por outra parte, a contextualización da comunicación lingüística e literaria e a importancia da crítica textual fan fundamental o desenvolvemento desta competencia.

**Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE):** Fomentar o sentido de iniciativa e espírito emprendedor favorece a autonomía do alumnado. Ademais, axudará no desenvolvemento de habilidades persoais para emprender accións innovadoras no contexto académico que logo se poderán extrapolar a situacións vitais. O alumnado debe coñecer os seus recursos e adquirir hábitos que lle permitan superar dificultades no traballo e na consecución de metas establecidas. A elaboración de traballos e proxectos incidirá especialmente no desenvolvemento desta competencia.

**Aprender a aprender (CAA):** Fomentaranse tarefas que permitan que o alumnado sexa consciente do seu desenvolvemento persoal e da mellora dos seus procesos de aprendizaxe. Neste sentido, a nosa materia préstase especialmente a iso, xa que favorece os procesos metacognitivos e a adquisición de estratexias e estruturas de aprendizaxe extrapolables a outras áreas e contextos.

## 5. CURSOS ACADÉMICOS

### 5.1 SEGUNDO CURSO

#### 5.1.1 Obxectivos

- ❖ Ler, comprender e analizar un texto narrativo.
- ❖ Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coas viaxes.
- ❖ Identificar os fonemas vocálicos e consonánticos que forman o sistema fonolóxico galego.
- ❖ Dividir as palabras en sílabas e recoñecer os ditongos, tritongos e hiatos.
- ❖ Ser consciente da diversidade de linguas que existen no mundo.
- ❖ Distinguir as principais características da literatura.
- ❖ Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado cos animais.
- ❖ Recoñecer a estrutura das palabras e as diferentes clases.
- ❖ Acentuar correctamente.
- ❖ Valorar o plurilingüísmo en Europa e España e coñecer a diferenza entre linguas dominantes e linguas minorizadas.
- ❖ Identificar e analizar diferentes xéneros literarios e recursos estilísticos.
- ❖ Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado coa gastronomía e hostelería.
- ❖ Coñecer a estrutura dos substantivos e a súa caracterización morfolóxica para mellorar a comprensión e produción textuais.
- ❖ Identificar os prexuízos lingüísticos e analizar a situación persoal en relación a eles.
- ❖ Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado cos antropónimos.
- ❖ Coñecer as clases, xénero e graos do adxectivo insistindo na comparación.
- ❖ Comparar textos pertencentes a diferentes subxéneros, sinalando as coincidencias e diferenzas, tanto estruturais coma formais.
- ❖ Recoñecer as características dun texto persoal, nomeadamente o correo electrónico, as SMS, as notas e a carta.
- ❖ Identificar as características da comunicación xornalística e diferenciar os subxéneros dos textos xornalísticos: a noticia, a reportaxe e a crónica.
- ❖ Utilizar correctamente o pronome persoal.
- ❖ Redactar de maneira correcta e coherente diferentes tipos de textos.
- ❖ Saber puntuar correctamente un texto.
- ❖ Desenvolver a destreza do resumo e do esquema secuenciando correctamente as ideas principais e secundarias dun texto.
- ❖ Recoñecer os niveis de lingua.
- ❖ Afondar no coñecemento do campo da navegación.
- ❖ Conxugar correctamente os verbos regulares e irregulares.

- ❖ Coñecer a situación actual do galego: competencias, usos e actitudes e valorar positivamente os esforzos que se están a facer no eido da normalización lingüística.
- ❖ Coñecer, explicar e usar un léxico amplo relacionado cos medios de transporte.
- ❖ Empregar correctamente as grafías.
- ❖ Coñecer os compoñentes sintácticos para elaborar enunciados, orais e escritos, cun estilo cohesionado e correcto.
- ❖ Recoñecer e analizar o proceso de normalización e normativización.
- ❖ Entender o concepto de oración e os seus constituíntes e distinguir os diferentes tipos e funcións.
- ❖ Madurar as técnicas de procura da información sobre todo en soportes dixitais.
- ❖ Recoñecer os usos especiais dos determinantes.
- ❖ Coñecer a historia da lingua galega.
- ❖ Recoñecer as variedades de fala do galego e interpretar axeitadamente mapas lingüísticos.
- ❖ Distinguir os conceptos de bilingüismo, diglosia e interferencia lingüística.

### 5.1.2 Secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación e estándares avaliados

1ª AVALIACIÓN. TEMAS: 1, 2, 3, 4					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRIT. AV	ESTÁN. APREN	COMP. CLAVE	GRAO MÍNIMO
b e l n	- Vocabulario: as viaxes, os animais, a gastronomía e a hostaleira, os antropónimos	B3.1, B3.3	LGB3.1.1, LGB3. 3.1	CCL CD CAA	- Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.  - Amplía o vocabulario básico relacionado coas viaxes, os animais, a gastronomía e a hostalaría, os antropónimos.
a b e f h	- Sistema fonolóxico do galego  - Estrutura das palabras (prefixos e sufixos). Clases de palabras.  - O substantivo. O xénero e o número.  - O adxectivo e os seus graos.  - A sílaba, ditongos, tritongos e hiatos  - Casos especiais de acentuación	B3.2, B3.3, B3.5, B3.7	LGB3.2.1, LGB3.3.1, LGB3.5.1, LGB3.5.2, LGB3.7.1	CCL CAA CCEC CSC CMCCT CSIEE	- Coñece e distingue os fonemas da lingua galega.  - Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.  - Recoñece as distintas clases de palabras.  - Comprende que é un campo semántico.  - Forma o feminino e o plural de substantivos dados.  - Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados.

					<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.</li> <li>- Identifica e analiza ditongos, tritongos e hiatos.</li> <li>- Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación.</li> <li>- Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación</li> </ul>
b e h l ñ o	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A diversidade lingüística</li> <li>- A situación legal das linguas</li> </ul>	B4.1, B4.2, B4.3, B4.4, B4.5, B4.6	LGB4.1.1, LGB4.1.2, LGB4.1.3, LGB4.1.4, LGB4.2.1, LGB4.2.2, LGB4.3.1, LGB4.4.1, LGB4.5.1, LGB4.6.1, LGB4.6.2, LGB4.6.3	CCL CCEC CSC CAA CMCCT CSIEE	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Valora a riqueza das linguas.</li> <li>- Identifica as linguas da península Ibérica e coñece a lusofonía.</li> <li>- Coñece a lexislación sobre o galego.</li> </ul>
b d e f h	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Características da literatura e recursos literarios</li> <li>- Os xéneros e subxéneros literarios.</li> <li>- Os xéneros narrativos (o conto)</li> <li>- A novela. Tipos.</li> </ul>	B1.1, B.1.2, B2.1, B2.12, B3.10	LGB1.1.1, LGB1.1.2, LGB1.2.1, LGB2.1.1, LGB2.1.3, LGB2.12.1 LGB3.10.1	CCL CAA CD CSC CMCCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Le con fluidez e atención un texto narrativo e coméntao seguindo uns criterios dados.</li> <li>- Distingue diversos tipos de textos, segundo a situación en que se usen.</li> </ul>

					- Recoñece cando un texto é literario e identifica o xénero ao que pertence.
a b e f	- A improvisación. A exposición oral.  - A cohesión textual.	B.1.2, B.1.3, B.1.5, B1.6	LGB1.2.1, LGB1.3.1, LGB1.3.2, LGB1.5.1, LGB1.6.1	CCL  CCEC  CSC	- Comprende e interpreta en formato papel ou dixital textos expositivos.  - Comprende o sentido global dun texto.

2ª AVALIACIÓN. TEMAS: 5, 6, 7, 8					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRIT. AV	ESTÁN. APREN	COMP. CLAVE	GRAO MÍNIMO
b e l	- Vocabulario: a comunicación, a navegación, os medios de transporte e os seres míticos.	B3.1, B.3.3, B3.4, B3.5, B3.6, B3.7, B3.9	LGB3.1.1, LGB3.3.1, LGB3.4.1, LGB3.4.2, LGB3.5.1, LGB3.5.2, LGB3.6.1	CCL  CD  CAA	- Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.  - Amplía o vocabulario básico relacionado coa comunicación, a navegación, os medios de transporte, os seres míticos.
a b d e	- O pronome persoal (tónicos, átonos, contracción e colocación).  - O verbo (modos e tempos).  - Verbos regulares e irregulares.	B3.1, B3.2, B3.4, B3.5, B3.6, B3.9, B3.13	LGB3.1.1, LGB3.2.1, LGB3.4.1, LGB3.4.2, LGB3.6.1, LGB3.9.1, LGB3.9.2, LGB3.13.1, LGB3.5.1, LGB3.5.2, LGB3.6.1	CCL  CAA  CCEC  CSC	- Coñece e distingue os fonemas da lingua galega. -Entende a estrutura da palabra e forma familias léxicas.  - Recoñece as distintas clases de palabras.

h l	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A oración</li> <li>- Os signos de puntuación.</li> <li>- Ortografía (v/b, h)</li> </ul>			<p>CMCCT</p> <p>CSIEE</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende que é un campo semántico.</li> <li>- Forma o feminino e o plural de substantivos dados.</li> <li>- Recoñece os adxectivos cualificativos e forma o feminino e o plural de adxectivos dados.</li> <li>- Realiza comparacións utilizando as partículas comparativas adecuadas.</li> <li>- Identifica e analiza ditongos, tritongos e hiatos.</li> <li>- Aplica correctamente na práctica as regras xerais de acentuación.</li> <li>- Coñece e aplica correctamente regras específicas de acentuación.</li> </ul>
a c d ñ o	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O galego hoxe. Niveis de competencia.</li> <li>- A valoración social da lingua.</li> <li>- Normalización e normativización.</li> <li>- Os préstamos.</li> </ul>	<p>B1.5, B3.2, B4.1, B4.2, B4.3, B4.4, B4.5, B4.6</p>	<p>LGB1.5.1, LGB1.5.2, LGB3.2.1, LGB3.2.2, LGB4.1.1, LGB4.2.1, LGB4.2.2, LGB4.3.1, LGB4.3.2, LGB4.5.1, LGB4.6.1, LGB4.6.2, LGB4.6.3</p>	<p>CCL</p> <p>CSC</p> <p>CSIEE</p> <p>CCEC</p>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Amosa unha actitude crítica para detectar usos discriminatorios, prexuizos...</li> <li>- Distingue entre a normalización e a normativización.</li> <li>- Desenvolve actitudes positivas cara ao proceso de recuperación do galego.</li> </ul>



					- Recoñece o uso dos préstamos nos textos dados.
a c d h	- Elementos do xénero narrativo (narrador, personaxes, tempo, espazo)  - A poesía lírica. As formas poéticas.	B.1.2, B3.11, B3.12, B3.13, B5.1, B5.2, B5.3, B5.6, B5.8	LGB1.2.1, LGB1.2.2, LGB3.11.1, LGB3.12.1, LGB3.13.1, LGB5.1.1, LGB5.1.2, LGB5.2.1, LGB5.3.1, LGB5.6.1, LGB5.8.1	CCL CAA CD CSC CMCCT CCEC	- Comprende textos narrativos breves, describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista, tempo, espazo e personaxes principais.  - Realiza audicións de poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e identifica os recursos estilísticos.  - Analiza nun texto poético algúns dos seus trazos básicos: versos, rima...  - Crea poemas
a c d h	- O esquema, o mapa conceptual, o resumo, a colaxe.	B1.1, B2.1	LGB1.1.1, LGB1.1.2, LGB2.1.1	CCL CCEC CAA	- Traslada correctamente os contidos dos textos dados a esquemas, mapas conceptuais ou resumos.

**3ª AVALIACIÓN. TEMAS: 9, 10, 11, 12**

OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRIT. AV	ESTÁN. APREN	COMP. CLAVE	GRAO MÍNIMO
b e l	- Vocabulario: a paisaxe mariña, a paisaxe de montaña, o teatro e outros espectáculos, o vestiario e os complementos	B3.1, B3.3	LGB3.1.1, LGB3. 3.1	CCL CD CAA	- Utiliza en diversos contextos o vocabulario básico estudado e usa o dicionario.  - Amplía o vocabulario básico relacionado coa paisaxe mariña, a paisaxe de montaña, o teatro e outros espectáculos, o vestiario e os complementos
a b e f h l	- O suxeito e o predicado  - Os complementos  - As modalidades oracionais (enunciativas, interrogativas, exclamativas, imperativas, exhortativas)  - A ortografía: o s/x, n/ñ, uso correcto das vogais, os grupos cultos)	B3.2, B3.4, B3.7, B3.9, B1.5, B3.5	LGB3.2.1, LGB3.4.1, LGB3.7.1, LGB3.9.1, LGB1.5.1, LGB3.5.1, LGB3.5.2	CCL CAA	- Saber transformar e elaborar enunciados de maneira axeitada e correcta atendendo aos compoñentes sintácticos.  - Emitir a pronuncia e prosodia correctas, segundo as modalidades oracionais.  - Aplica correctamente a gramática e a ortografía.

a b e f ñ	- Os estranxeirismos, os castelanismos, variedades da lingua; variedades xeográficas	B3.3, B4.6	LGB3.3.1, LGB4.6.1, LGB4.6.2, LGB4.6.3, LGB4.6.4	CCL CAA	- Identifica un vocabulario amplo, correcto e preciso para expresarse con claridade.  - Recoñece os trazos da variedade estándar da lingua galega e valóraa como variante unificadora.  - Recoñece as variedades dialectais e utiliza os trazos propios da súa zona.
a b e f h l n	- A linguaxe poética (plano fónico-fonolóxico, morfosintáctico, semántico)  - O xénero dramático e a representación teatral -A literatura, cine e música	B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.7, B5.8	LGB5.1.1, LGB5.2.1, LGB5.3.1, LGB5.4.1, LGB5.5.1, LGB5.6.1, LGB5.7.1, LGB5.8.1	CSIEE CCEC CCL CAA CMCCT	- escoitar audicións de poemas recitados ou cantados e determinar o tema principal, a estrutura xeral e pon de relevo os principais planos e recursos estilísticos.  - Consegue ler de forma dramatizada; recoñece os compoñentes e procedementos que caracterizan o xénero dramático.  - Recoñecer as características definitorias da linguaxe cinematográfica e musical.

### 5.1.3 Criterios de avaliación por competencias clave

#### Competencia en comunicación lingüística (CCL)

- Comprender o sentido dos textos escritos; e captar o sentido das expresións orais: ordes, explicacións, indicacións, relatos...
- Expresar oralmente, de maneira ordenada e clara, calquera tipo de información.
- Compoñer distintos tipos de textos creativamente con sentido literario.
- Respetar as normas de comunicación en calquera contexto; e manexar elementos de comunicación non verbal nas diversas situacións comunicativas.
- Producir textos escritos de diversa complexidade para o seu uso en situacións cotiás ou de materias diversas.

#### Sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)

- Asumir as responsabilidades encomendadas e dar conta delas.
- Priorizar a consecución de obxectivos grupais a intereses persoais.
- Optimizar o uso de recursos materiais e persoais para conseguir obxectivos.
- Asumir riscos no desenvolvemento das tarefas.

#### Competencia dixital (CD)

- Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- Manexar o dicionario de maneira autónoma e fluída e consultar con soltura outras obras de consulta tradicionais.

#### Competencia social e cívica (CSC)

- Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.
- Propoñer solucións orixinais e creativas para solucionar conflitos.
- Avaliar as consecuencias que pode desencadear un feito puntual para un colectivo.
- Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos fixados, tanto persoais como profesionais.

#### Competencia para aprender a aprender (CAA)

- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Formular e resumir datos mediante fichas.
- Elaborar cadros que recollan a información dada.
- Interpretar cadros e esquemas.

- Recoñecer a idea central dun texto, así como algunhas ideas secundarias, e as partes nas que se divide.

#### Competencia para a conciencia e expresións culturais (CCEC)

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar e defender e coñecer as etapas da historia da lingua galega.
- Ler e comentar un texto sobre o plurilingüismo e valorar a existencia de varias linguas nunha comunidade como un ben colectivo.
- Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas, tanto propias como alleas.
- Ler e comentar un texto sobre o carácter oficial da lingua galega e a necesidade da súa normalización.

#### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

- Desenvolver a organización lóxica presente nas análises sintácticas, nas que se utilizan esquemas que contribúen á organización do pensamento lóxico formal.
- Mellorar os esquemas mentais facilitando a comprensión de contidos matemáticos.
- Comprender e utilizar elementos matemáticos (táboas, gráficos, símbolos, números, etc) tanto no ámbito académico (métrica dos poemas...) como na vida cotiá.
- Valorar os resultados obtidos a partir da utilización de ferramentas matemáticas
- Controlar os procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención da información.

## **5.2 CUARTO CURSO**

### **5.2.1 Obxectivos**

- ❖ Recoñecer as características básicas da narración, da descrición e do diálogo.
- ❖ Ampliar e reforzar vocabulario.
- ❖ Identificar enunciados e as súas clases e modalidades.
- ❖ Recoñecer e aplicar as regras ortográficas xerais.
- ❖ Coñecer a situación de Galicia a comezos do século XX.
- ❖ Analizar textos literarios de Noriega Varela e de Cabanillas.
- ❖ Planificar e redactar o guión dunha exposición.
- ❖ Aplicar a regra de uso das distintas grafías.
- ❖ Coñecer e analizar as características da prosa ata a Guerra Civil en textos representativos de Risco, Otero Pedrayo, Castelao e Dieste.
- ❖ Definir, identificar e explicar cando se deben empregar os préstamos e os estranxeirismos.
- ❖ Recoñecer e analizar os distintos tipos de complementos verbais: OD, OI, C.Pre., CC, C.Axente, Atrib. e C.Pred. diferenciando oracións simples, compostas e subordinadas.
- ❖ Identificar e analizar os distintos xéneros xornalísticos.

- ❖ Definir as vangardas e mencionar as súas características xerais e autores representativos.
- ❖ Comprender o concepto de argumentación, os seus elementos, a súa estrutura e os tipos de argumentos e escribir unha reclamación e unha solicitude.
- ❖ Coñecer os procedementos de formación de palabras.
- ❖ Achegarse ás circunstancias culturais durante o franquismo e coñecer autores e obras desta época.
- ❖ Saber empregar as parénteses, a raia e o guión, as maiúsculas e as minúsculas.
- ❖ Saber que existen variedades dialectais na lingua e distinguir algúns fenómenos dialectais do galego.
- ❖ Coñecer as primeiras correntes e autores da poesía da posguerra e analizar textos da época.
- ❖ Coñecer a sinonimia e usar correctamente os sinónimos totais e parciais.
- ❖ Identificar as liñas temáticas na poesía de Celso Emilio Ferreiro.
- ❖ Comprender a evolución dos poetas da Xeración das Festas Minervais.
- ❖ Comprender o concepto de prescrición e escribir un texto prescritivo.
- ❖ Definir antonimia e usar antónimos correctamente.
- ❖ Coñecer aspectos biográficos de Cunqueiro, de Blanco Amor e de Fole e as principais características das súas obras.
- ❖ Coñecer as características, os elementos e os recursos persuasivos da publicidade e elaborar anuncios propios.
- ❖ Diferenciar a hiperonimia e a hiponimia.
- ❖ Empregar correctamente por que / porque / porqué. Se non / senón. Con que / conque.
- ❖ Coñecer a situación actual da lingua galega e comprender os factores de normalización do galego.
- ❖ Coñecer as características da prosa de Ferrín, Casares e Neira Vilas.
- ❖ Analizar e interpretar poemas de autores da poesía galega actual.
- ❖ Planificar e elaborar un currículo para entregar nunha entrevista de traballo.
- ❖ Analizar e explicar trazos característicos da prosa na actualidade.
- ❖ Coñecer relacións gramaticais, léxicas e semánticas entre enunciados.
- ❖ Coñecer a historia do teatro galego do século XX e analizar textos.

## 5.2.2 Secuenciación e temporalización de contidos, criterios de avaliación e estándares avaliados

1ª AVALIACIÓN. TEMAS: 1, 2, 3, 4					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRIT. AV	ESTÁN. APREN	COMP. CLAVE	GRAO MÍNIMO
a b e f h	- Vocabulario: Formas de ser, tempo cronolóxico, medos e arrepiós, arquitectura e urbanismo	B2.1, B2.5, B3.1, B3.3, B3.6, B7.1	LGB2.1.2, LGB2.5.2, LGB3.1.1, LGB3.3.1, LGB3.6.1, LGB3.7.1	CAA CCL CD CMCT CCEC	- Coñece e aplica o vocabulario que conforma os campos semánticos das formas de ser, tempo cronolóxico, medos e arrepiós, arquitectura e urbanismo  - Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto; analiza a forma das palabras; usa dicionarios (impresos ou dixitais) para contextualizar as acepcións.
a b e f h	- As unidades lingüísticas (fonema, monema, palabra, frase, oración, enunciado, texto)  -Fonética. Vocalismo  -Fonética. Consonantismo -Sintaxe (a frase)	B1.6, B2.4, B3.2, B3.5, B3.9, B3.12	LGB1.6.2, LGB2.4.1, LGB3.2.1, LGB3.5.1, LGB3.5.2, LGB3.9.1, LGB3.9.12	CAA CCL CD CSC CCEC	- Identifica e diferencia as unidades lingüísticas.  - Diferencia entre fonema, son e grafía.  - Recoñece e pronuncia correctamente os fonemas propios da lingua galega  - Respecta as regras morfosintácticas.  Coñece os compoñentes sintácticos para distinguir entre frases e enunciados.

a b e f h l n ñ o	<p>-O galego no primeiro terzo do séc. XX</p> <p>- Variedades internas da lingua</p> <p>- Variedades situacionais/diafásicas</p> <p>- Variedades xeográficas/dialectais</p>	B1.5, B2.4, B2.6, B4.2, B4.6	LGB1.5.1, LGB1.5.2, LGB1.5.3, LGB2.4.1, LGB2.6.1, LGB2.6.2, LGB2.4.1, LGB4.6.1, LGB4.6.2, LGB4.6.3, LGB4.6.4	CAA CCL CD CSC CCEC	<p>- Coñecer a situación sociolingüística do galego no primeiro terzo do século XX.</p> <p>- Caracteriza as variedades diafásicas da lingua.</p> <p>- Emite unha fonética e prosodia correcta e cunha actitude crítica ante os prexuízos que se poidan asociar a ela.</p> <p>- Coñece as variedades internas da lingua e identifica as variedades diatópicas.</p> <p>- Aмосa unha actitude crítica ante usos lingüísticos discriminatorios.</p>
a b e f h l n	<p>- A literatura nos comezos do séc.XX (as Irmandades, Noriega Varela, Cabanillas)</p> <p>- O Grupo Nós, Vicente Risco e Otero Pedrayo -Castelao</p> <p>- Literatura de Vangarda</p>	B.1.7, B1.8, B2.4, B5.1, B5.2, B5.3, B5.6	LGB1.7.1, LGB1.8.3, LGB2.4.1, LGB5.1.1, LGB5.2.1, LGB5.3.1, LGB5.6.1	CAA CD CSC CCEC CCL CMCCT	<p>- Comprende e le poemas recitados ou cantados, determina o tema principal, a estrutura xeral e os principais recursos estilísticos.</p> <p>- Expressa a súa opinión sobre unha obra de lectura</p> <p>- Coñece a obra literaria de Ramón Cabanillas e de Noriega Varela</p>



					<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñece a contribución dos membros do Grupo Nós á evolución sociopolítica e cultural da Galicia da época.</li> <li>- Coñece as principais contribucións de Vicente Risco e de Otero Pedrayo á literatura galega</li> <li>- Coñece as principais contribucións de Castelao á cultura e á literatura galega</li> <li>- Coñece as correntes poéticas de principios do século XX e os seus representantes na poesía de vangarda.</li> </ul>
a b e f h l n	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O texto narrativo (argumento, trama, tema)</li> <li>- O punto de vista ou perspectiva (tipos de narrador)</li> <li>- O espazo e o tempo narrativos</li> </ul>	B1.1, B1.9, B2.4, B5.1, B5.3	LGB1.1.1, LGB1.1.2, LGB1.9.4, LGB2.4.1, LGB5.1.2, LGB5.3.2	CAA CCL CD CSC CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realizar o comentario dun texto seguindo unhas pautas dadas.</li> <li>- Le textos narrativos breves, localizando e describindo os elementos estruturais e formais máis salientables: punto de vista e narrador.</li> <li>- Le un relato con fluidez e coa atención adecuada e coméntao con pautas seguindo uns criterios dados atendendo ao espazo e aos tempos narrativos.</li> </ul>

a b e f	- Comentario: o subliñado, o esquema, o resumo.	B1.1, B2.1	LGB1.1.1, LGB1.1.2, LGB2.1.1	CAA CCL	- Comprende, interpreta e resume novas de actualidade e de informacións de crónicas, reportaxes e documentais.  - Analiza e sintetiza o contido dun texto en resumos e esquemas que estruturan visualmente as ideas
------------------	---	------------	---------------------------------	------------	---

2ª AVALIACIÓN. TEMAS: 5, 6, 7, 8					
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRIT. AV	ESTÁN. APREN	COMP. CLAVE	GRAO MÍNIMO
a b e f h	- Vocabulario: o tempo meteorolóxico, viaxes e turismo, a xustiza e as leis, tempo de lecer	B2.1, B2.5, B3.1, B3.3, B3.6, B7.1	LGB2.1.2, LGB2.5.2, LGB3.1.1, LGB3.3.1, LGB3.6.1, LGB3.7.1	CAA CCL CD CMCT CCEC	- Coñece e aplica o vocabulario que conforma os campos semánticos do tempo meteorolóxico, viaxes e turismo, a xustiza e as leis, tempo de lecer.  - Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto; analiza a forma das palabras; usa dicionarios (impresos ou dixitais) ara contextualizar as acepcións.

a b e f h	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Sintaxe (a oración): suxeito e predicado.</li> <li>- Os complementos do verbo (CD, CI, CC, C. Preposicional, CA, Atributo, C. Predicativo)</li> <li>- As oracións compostas (simples/compostas)</li> <li>- Tipos de oracións compostas</li> <li>- As oracións subordinadas substantivas</li> </ul>	B2.4, B3.3, B3.9, B3.12	LGB2.4.1, LGB3.3.1, LGB3.9.1, LGB3.12.1	CAA CCL CD CSC CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos</li> <li>- Coñece os compoñentes sintácticos das oracións.</li> <li>- Recoñece as oracións compostas.</li> <li>- Identifica, clasifica e analiza as oracións subordinadas substantivas</li> </ul>
a b e f h l n ñ o	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A lingua galega na posguerra</li> <li>- A lingua galega a partir de 1975</li> <li>- Normalización e normativización</li> <li>- Lusofonía</li> <li>- A lingua galega hoxe. Niveis de competencia e uso.</li> </ul>	B1.7, B2.4, B2.6, B4.2, B4.3	LGB1.5.1, LGB1.5.2, LGB1.5.3, LGB1.7.1, LGB2.4.1, LGB2.6.1, LGB2.6.2, LGB4.2.1, LGB4.2.2, LGB4.3.1, LGB4.3.2	CAA CCL CD CSC CCEC	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos</li> <li>- Amosa unha actitude crítica ante usos lingüísticos discriminatorios</li> <li>- Describe e analiza a situación sociolingüística da Galicia da posguerra atendendo á presenza da lingua galega no contorno.</li> </ul>

a b e f h l n	<p>- Narrativa de posguerra: Eduardo Blanco Amor, Cunqueiro e Fole</p> <p>- A narrativa dos anos sesenta: Xosé Neira Vilas -A Nova Narrativa Galega: Xosé Luís Ferrín, Carlos Casares, M<sup>a</sup> Xosé Queizán,</p> <p>- Poesía de posguerra: Xeración do 36 (Celso Emilio Ferreiro), Promoción de Enlace (Luz Pozo Garza)</p>	B1.8, B2.4, B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6	LGB1.8.3, LGB2.4.1, LGB5.1.1, LGB5.1.2, LGB5.2.2, LGB5.2.3, LGB5.2.4, LGB5.3.1, LGB5.4.1, LGB5.5.2, LGB5.6.1	CAA CCL CD CSC CCEC CMCCT	<p>- Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.</p> <p>- Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos.</p> <p>- Coñece a obra literaria de Xosé Neira Vilas.</p> <p>- Coñece a contribución dos membros da Nova Narrativa Galega.</p> <p>- Coñece os principais autores da poesía de posguerra.</p>
a b e f h	- Propiedades do texto: a adecuación, a coherencia e a cohesión	B1.3, B1.6, B1.9, B2.8	LGB1.3.1, LGB1.3.2, LGB1.6.1, LGB1.9.4, LGB2.8.3, LGB2.8.4	CCL CAA CD	<p>- Produce textos orais adecuados á situación e á intención comunicativa desexada, con coherencia, cohesión e corrección.</p> <p>- Usa procedementos de planificación e revisión para conseguir a adecuación, coherencia, cohesión e corrección dos contidos.</p>
a b e	- A banda deseñada, a fotonovela, o texto argumentativo, o comentario crítico...	B1.4, B1.9, B2.4, B2.6, B2.8	LGB1.4.1, LGB1.9.1, LGB2.4.1, LGB2.6.3, LGB2.8.1, LGB2.8.2, LGB2.8.3, LGB2.8.4	CCL CAA CD	- Comprende, interpreta a intención comunicativa, o tema, as ideais principais dos textos argumentativos, das bandas deseñadas,

f				CSC	das fotonovelas... e produce este tipo de textos.
h					

3ª AVALIACIÓN. TEMAS: 9, 10, 11, 12					
OBJECTIVOS	CONTIDOS	CRIT. AV	ESTÁN. APREN	COMP. CLAVE	GRAO MÍNIMO
a b e f h	- Vocabulario: o cine, a radio e televisión, as novas tecnoloxías, en rede	B2.1, B2.5, B3.1, B3.3, B3.6, B7.1	LGB2.1.2, LGB2.5.2, LGB3.1.1, LGB3.3.1, LGB3.6.1, LGB3.7.1	CAA CCL CD CMCT CCEC	- Coñece e aplica o vocabulario que conforma os campos semánticos do cine, a radio e televisión, as novas tecnoloxías, en rede.  - Busca o significado do léxico descoñecido a partir do contexto; analiza a forma das palabras; usa dicionarios (impresos ou dixitais) para contextualizar as acepcións.
a b e f h l n	- As oracións subordinadas adxectivas - As oracións subordinadas adverbiais - Relacións semánticas (polisemia, homonimia, sinonimia, antonimia, - Cambios semánticos	B2.4, B3.3, B3.8, B3.9, B3.12	LGB2.4.1, LGB3.3.1, LGB3.8.1, LGB3.8.2, LGB3.9.1, LGB3.12.1	CAA CCL CD CSC CCEC	- Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos.  - Coñece os compoñentes sintácticos das oracións.  - Identifica, clasifica e analiza as oracións subordinadas adxectivas e adverbiais.

					<ul style="list-style-type: none"> <li>- Coñece as relacións semánticas que se poden establecer entre as palabras</li> <li>- Coñece as causas dos cambios semánticos e comprender os conceptos de eufemismo e tabú.</li> </ul>
a b e f h n o	<ul style="list-style-type: none"> <li>- A lingua galega entre a mocidade</li> <li>- Os prexuízos lingüísticos</li> <li>- O galego no exercicio profesional</li> <li>- A lingua galega en Internet</li> </ul>	B1.7, B1.5, B1.7, B1.8, B2.1, B2.4, B2.5, B2.6, B4.2, B4.5	LGB1.7.1, LGB1.5.2, LGB1.7.1, LGB2.4.1, LGB1.8.1, LGB1.8.2, LGB2.1.5, LGB2.4.1, LGB2.5.1, LGB2.6.1, LGB2.6.4, LGB4.2.1, LGB4.5.1	CAA CCL CD CSC CCEC CMCT	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Consulta os medios de información dixitais para seleccionar contidos relevantes.</li> <li>- Analiza a situación sociolingüística de Galicia atendendo á presenza da lingua galega no contorno.</li> <li>- Describe e analizar a situación do galego nos medios.</li> <li>- Coñecer a historia e orixes da internet e analiza a situación da lingua galega na internet.</li> <li>- Coñece, valora a utilización das novas tecnoloxías como instrumento para a normalización do galego.</li> </ul>

<p>a b e f h n ñ</p>	<p>- Xeración das Festas Minervais (Uxío Novoneyra, Taramancos, Manuel María, Xohana Torres, Bernardino Graña, Ferrín)</p> <p>- O teatro nos anos da posguerra</p> <p>- Narrativa actual Poesía e teatro actuais</p> <p>- Literatura dixital</p>	<p>B1.8, B2.4, B5.1, B5.2, B5.3, B5.4, B5.5, B5.6, B5.9</p>	<p>LGB1.8.3, LGB2.4.1, LGB5.1.1, LGB5.1.2, LGB5.2.2, LGB5.2.3, LGB5.2.4, LGB5.3.1, LGB5.4.1, LGB5.5.2, LGB5.6.1, LGB5.9.1</p>	<p>CAA CCL CD CSC CCEC CMCCT</p>	<p>- Expresa e compara con compañeiras/os a súa opinión sobre unha obra de lectura.</p> <p>- Comprende e interpreta textos propios da vida educativa, especialmente, os instrutivos e expositivos: webs educativas, dicionarios, glosarios e enciclopedias.</p> <p>- Analiza textos literario poéticos e teatrais, de maneira guiada, identifica os trazos dos subxéneros e a funcionalidade dos recursos retóricos.</p> <p>- Recoñece nas novas tecnoloxías outro medio eficaz de difundir a literatura.</p>
<p>a b e f h l n</p>	<p>- Publicidade, haikus, o texto instrutivo, microrrelatos, o guión cinematográfico</p>	<p>B.1.1, B1.8, B1.9, B2.1, B2.4, B2.12, B5.7</p>	<p>LGB1.1.1, LGB1.1.2, LGB1.8.1, LGB1.9.1, LGB2.1.5, LGB2.2.2, LGB2.4.2, LGB2.12.1, LGB2.12.2, LGB5.7.1</p>	<p>CAA CCL CD CSC CCEC</p>	<p>- Comprende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá.</p> <p>- Comprende e interpreta a intención comunicativa, o tema, as ideais principais e os datos relevantes de diferentes guións cinematográficos.</p> <p>- Recoñece as características dos xéneros televisivos.</p>





### 5.2.3 Criterios de avaliación por competencia clave

#### Competencia en comunicación lingüística (CCL)

- Ler de maneira comprensiva fragmentos non literarios propostos.
- Elaborar traballos escritos seguindo uns pasos dados.
- Levar as propias ideas e as conclusións do grupo sobre un tema á lingua escrita.
- Entender as causas das regras da lingua.
- Explicar o significado das palabras con corrección e adecuación ás normas lexicográficas de definición.
- Expoñer información en público, de maneira ordenada e cun léxico adecuado á situación comunicativa.

#### Sentido da iniciativa e o espírito emprendedor (CSIEE)

- Planificar tarefas e traballos da vida cotiá.
- Elaborar fichas de lectura de maneira autónoma e autocrítica.
- «Ler entre liñas», analizar e extraer conclusións a partir dun texto ou dunha hipótese dada.
- Elaborar un traballo de maneira autónoma, a partir da información recollida e seguindo uns pasos dados.
- Relacionar contidos, explicando o significado figurado dunha palabra nun contexto concreto.
- Expoñer opinións sobre un tema de maneira razoada e con argumentos sólidos.
- Buscar semellanzas e diferenzas na maneira de pensar e de actuar de diferentes persoas.
- Deducir información e extraer conclusións.

#### Competencia dixital (CD)

- Utilizar eficazmente as novas tecnoloxías para pescudar sobre un tema dado e obter información.
- Manexar o dicionario de maneira autónoma e fluída e consultar con soltura outras obras de consulta tradicionais.

#### Competencia social e cívica (CSC)

- Debater sobre un tema, escoitando as opinións dos demais e respectando as quendas de intervención.
- Relacionarse cos demais con educación e tolerancia.
- Analizar os textos periodísticos cun espírito crítico.
- Propoñer solucións orixinais e creativas para solucionar conflitos.
- Avaliar as consecuencias que pode desencadear un feito puntual para un colectivo.
- Valorar o traballo e o esforzo como únicos medios para acadar os obxectivos fixados, tanto persoais como profesionais.

#### Competencia para aprender a aprender (CAA)

- Analizar o propio proceso de aprendizaxe a través de exercicios de autoavaliación, co fin de detectar posibles problemas.
- Formular e resumir datos mediante fichas.
- Elaborar cadros que recollan a información dada.
- Interpretar cadros e esquemas.

- Recoñecer a idea central dun texto, así como algunhas ideas secundarias, e as partes nas que se divide.

#### Competencia para a conciencia e expresións culturais (CCEC)

- Valorar a riqueza que nos ofrece a lingua legada polos nosos antepasados, como un ben común que cómpre conservar e defender e coñecer as etapas da historia da lingua galega.
- Ler e comentar un texto sobre o plurilingüismo e valorar a existencia de varias linguas nunha comunidade como un ben colectivo.
- Desenvolver a capacidade creativa e interesarse polas producións artísticas, tanto propias como alleas.
- Ler e comentar un texto sobre o carácter oficial da lingua galega e a necesidade da súa normalización.

#### Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT)

- Desenvolver a organización lóxica presente nas análises sintácticas, nas que se utilizan esquemas que contribúen á organización do pensamento lóxico formal.
- Mellorar os esquemas mentais facilitando a comprensión de contidos matemáticos.
- Comprender e utilizar elementos matemáticos (táboas, gráficos, símbolos, números etc) tanto no ámbito académico (métrica dos poemas...) como na vida cotiá.
- Valorar os resultados obtidos a partir da utilización de ferramentas matemáticas
- Controlar os procesos de razoamento que levan á solución dos problemas ou á obtención da información.

## 6. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

### 6.1 PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Realizaranse **as probas escritas** que o docente considere oportunas en cada trimestre. A nota mínima necesaria para facer media será de 3.5 sobre 10, de non alcanzar esta ponderación a avaliación estará suspensa. Ademais realizarase unha **proba de lectura** por avaliación.

Teranse en conta o resto de **actividades e traballos** requiridos polo/a profesor/a, así como a **oralidade**, a **actitude con respecto á materia**.

### 6.2 INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

A avaliación debe ir enfocada a mellorar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, para iso é necesario diversificar as ferramentas e programar tempos e espazos na aula destinados á avaliación dos procesos de aprendizaxe.

Propoñemos aquí algunhas ferramentas para a avaliación de desempeños competenciais, criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe. Unhas serán para a avaliación das aprendizaxes concretas postas en práctica, outras para o desenvolvemento común de competencias.

- Observación do traballo diario.
- Probas específicas.
- Realización de tarefas puntuais.

#### Traballo diario

O labor fundamental do profesorado é a observación e o control do traballo diario do alumnado mediante:

- Preguntas frecuentes na aula.
- Seguimento do caderno do alumnado.
- Control de asistencia e puntualidade.
- Observación do grao de participación na clase.
- Emprego da lingua galega na aula
- Valoración da súa actitude.

Deste xeito o profesor e/ou profesora observará as dificultades, os avances ou os erros máis frecuentes do alumnado e poderá atendelos axeitadamente.

### **Probas específicas**

As probas recollerán o exposto durante o período correspondente, sen que representen unha dificultade insalvable para o alumnado que traballou a cotío. Poderán facerse:

- Controis escritos ou orais.
- Probas sen previo aviso.

### **Tarefas puntuais**

É importante que o alumnado, no seu proceso de estruturación do pensamento e control da aprendizaxe, se achegue aos textos, literarios ou non, directamente, así como que controle os mecanismos para facer traballos de investigación. Isto terá que realizarse ás veces fóra das horas lectivas. Valorarase:

- A puntualidade na data de entrega prevista.
- A presentación do traballo.
- A comprensión e síntese do tema motivo do traballo.
- A elaboración persoal.
- A exposición oral.
- A comprensión lectora.

A extensión das probas será variable, segundo o instrumento a utilizar e a materia a avaliar.

No caso de que o control das tarefas diarias non poida facerse na aula por causas de forza maior (enfermidade, accidente...), a avaliación do alumnado farase por outros medios. Se é posíbel que poida manter o contacto co profesorado e traballar na casa, ambos poñeranse de acordo para establecer un método de traballo. O método elixido permitirá ó profesor/a dar indicacións ao alumnado sobre temas concretos coa axuda do libro de texto e formular as tarefas e os traballos que considere oportunos. Ademais, permitirá ao alumnado realizar ditas tarefas e envialas periodicamente ao profesorado, para que este as poida corrixir e observar as dificultades, avances ou erros que poida ter e resolvelos axeitadamente e coa maior rapidez posible. Tamén se arbitrarán probas específicas sobre os contidos, que se realizarán no centro ou na casa do propio alumno/a.

Se todo o mencionado anteriormente non é factible, haberá que pensar na realización dunha proba única ao final do curso. Esta proba coincidirá no tempo e na forma coa proba final que realicen as compañeiras e compañeiros do seu grupo.

## 7. CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

### 7.1 CRITERIOS PARA DETERMINAR AS CUALIFICACIÓNS TRIMESTAIS

A cualificación de cada trimestre será o resultado da suma das cualificacións obtidas polo alumnado nos seguintes apartados, de acordo coa ponderación proposta para cada un deles.

#### **A. Probas escritas: 60 %**

Con carácter xeral, realizaranse **varias escritas por trimestre**. Cada proba valorarase de 1 a 10 puntos, podendo expresarse ata dous decimais. A nota deste apartado será a media das cualificacións obtidas nas diferentes probas, relacionadas cos contidos vistos na aula.

As respostas ás probas deberán estar sempre redactadas de maneira correcta, adecuada e persoal, reservándose unha porcentaxe de cada pregunta para a valoración de aspectos lingüísticos como a precisión, fluidez, riqueza expresiva, organización das ideas ou utilización dos mecanismos de cohesión necesarios (xa que as incorreccións restaranse da nota final). Ademais, **terase en conta a ortografía e as incorreccións gramaticais**. En todas as probas e exercicios **restarase entre 0.1** por cada falta de ortografía ou incorrección léxica ou gramatical ata un máximo de 1 punto en 1º ESO e 2º ESO e 2 puntos en 3º ESO e 4º ESO.

#### **B. Traballos diario de aula, tarefas e caderno: 20 %**

Cada profesor decidirá e comunicará ao seu alumnado a distribución e os criterios concretos para cualificar este punto. Na valoración dos traballos terase en conta, en diferentes proporcións segundo a natureza do exercicio e o curso: o cumprimento dos requisitos establecidos, a presentación, a corrección, a organización dos contidos e a relación entre eles, a adecuación ao tipo de texto, a calidade dos contidos, ademais dos requisitos específicos que estableza o profesor/a para cada un (como xa se dixo, as incorreccións serán puntuadas de maneira independente). Evidentemente, os traballos deberán estar sempre redactados polo propio alumnado, **non permitíndose**, nin sequera parcialmente, **a copia literal doutros textos** (a non ser que se trate dunha **cita pertinente**, xustificada, e citando a fonte) ou a entrega de traballos redactados, total ou parcialmente, por outra persoa. O profesor/a poderá requirir ao alumnado explicacións orais para comprobar este punto e o intento de copia ou engano será penalizado con unha nota de 0 puntos neste apartado para esa avaliación.

O caderno pode ser requirido por sorpresa **sen previo aviso** e valoraranse aspectos s como: calidade dos exercicios realizados e dos contidos, posta ao día (debe estar sempre actualizada), toma de notas (irase valorando progresivamente en cada curso a autonomía do alumnado para anotar o que necesite das explicacións ou corrección de exercicios), presentación e redacción.

En todas as probas e exercicios **restarase entre 0.1** por cada falta de ortografía ou incorrección léxica ou gramatical, dependendo do curso no que estea o alumnado e da gravidade da falta cometida.

A non realización de tarefas ou deberes poderá restar puntos deste apartado na medida decidida por cada profesor/a.

### **C. Emprego da lingua galega oral e actitude cara a lingua: 10 %**

Á parte das probas orais individuais e/ou por grupos, o Departamento establece **a esixencia do uso da lingua galega como lingua vehicular das sesións**, tanto en intervencións planificadas como en informais. Ademais, penalizarase calquera actitude negativa cara a lingua, traballando no total rexeitamento dos prexuízos lingüísticos. O incumprimento do anterior e con finalidade didáctica e práctica, traerá consigo unha sanción na cualificación da materia, que poderá chegar a supoñer o desconto de **ata 1 punto na nota global** do trimestre.

### **D. Probas de lectura: 10 %**

Realizarase unha proba escrita ou traballo que suporá **1 punto** sobre 10 na nota final. O docente pode propoñer lecturas de carácter opcional para subir nota, ata un máximo de dúas lecturas cun valor de **0.5** cada unha.

De acordo con todo o anterior, a cualificación trimestral de cada alumno/a obterase do seguinte modo:

<b>CUALIFICACIÓN:</b> Apartado A x 0,6 + Apartado B x 0,2 + Apartado C x 0,1 + Apartado D x 0,1
---

Ao resultado desta operación sumaráselle, de ser o caso, a puntuación correspondente das lecturas opcionais.

Para o establecemento da nota oficial que figurará nas actas e boletíns, a cualificación redondearase:

- O decimal igual ou superior a 0,5 asimilarse ao enteiro superior, **excepto para conseguir o APROBADO**, para o que se requirirá unha **nota mínima de 5** puntos exactos.
- O decimal inferior a 0,5 asimilarse ao enteiro inferior.

### **Probas de recuperación**

Cada profesor/a determinará se realiza recuperacións parciais de cada unha das tres avaliacións.

Realizará estas probas o alumnado que obtivera menos de 5 puntos na media da avaliación, sempre e cando esa media sexa **igual ou superior a 3.5 puntos**.

## **7.2 CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN FINAL**

- Con carácter xeral, para superar a materia requirirase a superación das tres avaliacións. Porén, **pode superarse a materia cunha avaliación suspensa** se a cualificación desta é de **4 puntos** e a media das tres é igual ou superior a 5.

## **7.3 CRITERIOS PARA A CUALIFICACIÓN FINAL EN XUÑO**

Nas últimas semanas de xuño establecerase un período de recuperación no que cada docente realizará as actividades de reforzo e ampliación que considere oportunas. A finalidade destas actividades é preparar ao alumnado para un exame no que será avaliado dos contidos mínimos esixibles da materia.

## 8. GRAO MÍNIMO PARA A OBTENCIÓN DUNHA AVALIACIÓN POSITIVA

### 8.1 GRAO MÍNIMO 2º ESO

#### Ortografía

1. Acentuar correctamente as palabras graves, agudas e esdrúxulas.
2. Empregar correctamente o acento diacrítico en todos os casos.

#### Gramática

1. Identificar e empregar correctamente as distintas clases de palabras: artigo, substantivo (xénero e número), adxectivo (xénero e número), numeral, posesivo, demostrativo, indefinido, adverbio, preposición e conxunción.
2. Identificar e empregar o adxectivo en grao comparativo.
3. Identificar as formas átonas e tónicas do pronome persoal.
4. Identificar os constituíntes nos verbos regulares.
5. Conxugar as formas regulares.

#### Sintaxe

1. Colocar ben o pronome persoal en todos os casos.
2. Diferenciar enunciado, oración e frase.
3. Identificar oración predicativa e oración copulativa.
4. Diferenciar suxeito e predicado.
5. Identificar as seguintes funcións primarias: suxeito, predicado, complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial e atributo.

#### Sociolingüística

1. Coñecer e comprender a situación do galego na actualidade.
2. Ter unhas nocións básicas sobre a realidade socio-lingüística de Galicia: bilingüismo e diglosia.
3. Coñecer as distintas etapas da historia do galego.

#### Léxico

1. Recoñecer e empregar correctamente palabras de uso común pertencentes aos seguintes campos semánticos:
  - Escola
  - Xogos e deportes
  - Verbos de sentimento
  - A cidade

#### Outros

1. Demostrar que se leron os libros marcados para o curso.
2. Realizar e entregar periodicamente as redaccións e outras tarefas programadas polo/a profesor/a.

## 8.2 GRAO MÍNIMO 4º ESO

### Ortografía

1. Empregar correctamente a maiúscula (topónimos, siglas...).
2. Diferenciar e empregar axeitadamente os distintos procedementos de redución de palabras (abreviaturas, siglas...).
3. Amosar unha correcta ortografía, tanto de letras coma de acentos, atendendo especialmente ás palabras ou expresións que, malia seren de uso común, presentan unha certa dificultade (a ver/haber, senón/se non...).

### Sociolingüística

1. Coñecer e comprender a pluralidade lingüística e a situación do galego na actualidade (Lei de Normalización Lingüística, o galego no ensino...).
2. Diferenciar textos escritos con rexistros lingüísticos distintos (formal e informal) atendendo ás súas características.

### Semántica

1. Identificar palabras polisémicas e homónimas.
2. Coñecer o que é un préstamo lingüístico e a súa presenza no galego.
3. Coñecer e empregar correctamente vocabulario básico relacionado cos campos semánticos seguintes:
  - mundo académico,
  - as festas e tradicións: magostos, entroido, etc.
  - os seres míticos.

### Sintaxe

1. Identificar distintas clases de palabras (palabras en función de determinante, substantivo, adxectivo, verbo, pronome, adverbio, preposición, conxunción, interxección) en textos de diferente índole.
2. Identificar as funcións sintácticas primarias e secundarias da oración simple.
3. Distinguir distintos tipos de oracións coordinadas.
4. Distinguir distintos tipos de oracións subordinadas (substantivas, adxectivas e adverbiais).
5. Elaborar textos de creación propia cunha axeitada presentación (marxes, sangrado...), que amosen coherencia e unha correcta estruturación en parágrafos, evitando as repeticións innecesarias.

### Literatura

1. Coñecer basicamente as principais etapas da literatura galega do século XX: contexto histórico, características esenciais, e autores e obras máis salientables.
2. Comentar textos literarios de distintos xéneros atendendo á situación no contexto histórico-cultural, á comprensión e temática e á estrutura e recursos formais.

### Outros

1. Dar conta dos libros de lectura obrigatoria sinalados durante o curso.
2. Entregar periodicamente os traballos e as redaccións ao longo do curso.

## 9. ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

Á hora de establecer as medidas de atención á diversidade e inclusión debemos de recompilar, en primeiro lugar, diversa información sobre cada grupo de alumnos e alumnas; como mínimo, debe coñecerse:

- O número de alumnos e alumnas.
- O funcionamento do grupo (clima da aula, nivel de disciplina, atención...).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto ao desenvolvemento de contidos curriculares.
- As necesidades que se puidesen identificar; cómpre pensar nesta fase en como se poden abordar (planificación de estratexias metodolóxicas, xestión da aula, estratexias de seguimento da eficacia de medidas, etc.).
- As fortalezas que se identifican no grupo en canto aos aspectos competenciais.
- Os desempeños competenciais prioritarios que hai que practicar no grupo nesta materia.
- Os tipos de recursos que se necesitan adaptar a nivel xeral para obter un logro óptimo do grupo.

É intención deste Departamento axear a pedagogía a cada alumna e alumno en concreto, escoller coidadosamente os recursos didácticos e variar sempre que for preciso a estratexia metodolóxica. Isto implica un ensino individualizado, partindo sempre da situación inicial de cada alumna e alumno en concreto.

Neste sentido a metodoloxía que nos propoñemos levar adiante vai ser diversa e estará baseada nos seguintes criterios:

- ✚ Alternará o traballo individual e en pequenos grupos.
- ✚ Farase un seguimento diario de alumnos e alumnas con dificultades.
- ✚ Farase uso de material didáctico próximo aos seus intereses e, sobre todo, práctico.
- ✚ Non se comparará ao alumno co grupo.
- ✚ Realización das adaptacións curriculares individualizadas que nos indique o Departamento de Orientación. Por esta razón seguiremos unhas pautas determinadas de traballo:

1. Determinación de que é o que o alumno ou alumna non consegue facer.
2. Determinación dos contidos a traballar e da metodoloxía a utilizar.
3. Comprobación mediante a avaliación de cales foron os obxectivos acadados.

Tamén as actividades deberán ser diferenciadas segundo o alumno ou alumna:

1. Actividades para o aproveitamento de alumnos e alumnas avantaxados.
2. Actividades con distinto nivel de complexidade, que permitan traballar os mesmos contidos con esixencias distintas.
3. Actividades que permitan aos menos avantaxados acadar o máximo e, sobre todo, poidan servir de reforzo ou axuda.

É por isto que os materiais didácticos non serán homoxéneos, xa que aínda que se basean nun libro de texto, moitos temas poden ser completados co outros materiais polo propio Departamento.

Os grupos de traballo que se formen deberán ser flexibles e o ritmo levado por cada un deles, en consecuencia, ha ser distinto, segundo as necesidades de cada un.

Farase ó comezo de curso unha avaliación inicial. Esta avaliación achegaranos información sobre os coñecementos que posúen. É a partir desta información cando se farán as adaptacións individuais que se precisen.

Se temos algún alumno **exento** na materia, por ser estranxeiros e descoñecer a lingua, terá reforzo na materia para que vaia acadando a competencia lingüística progresivamente.

Os alumnos/as con necesidades especiais irán a **reforzó educativo coa PT**.



## 10. ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE

No caso de ter alumnado coa materia de Lingua Galega e Literatura pendente:

Reunidos os membros do Departamento de Lingua Galega e Literatura, e de acordo coa orde do 30 de setembro de 2004, para facilitar ao alumnado coa materia de Lingua Galega e Literatura pendente a súa superación, establecéronse os seguintes procedementos:

1. O Departamento proporcionará ós alumnos coa materia pendente actividades que se axustarán aos criterios de avaliación e estándares de aprendizaxe da PD de Lingua Galega que irán realizando ó longo do curso. O primeiro bloque de actividades estará a disposición do alumnado en setembro. Estas actividades deberán ser entregadas ao profesor de Lingua Galega e Literatura. O prazo de entrega rematará na última semana de novembro. En caso de que a entrega das actividades se realice antes, de seren avaliadas negativamente, poderán ser rectificadas polo alumno antes de que acabe o prazo límite de entrega. O segundo bloque de actividades estará a disposición do alumnado en decembro. Estas actividades deberán ser entregadas ao profesor de Lingua Galega e Literatura a mediados de febreiro. En caso de que a entrega das actividades se realice antes, de seren avaliadas negativamente, poderán ser rectificadas polo alumno antes de que acabe o prazo límite de entrega. As actividades serán revisadas e avaliadas polo profesor correspondente ao curso no que estean matriculados. Se neste proceso de avaliación continua o alumno alcanza os obxectivos mínimos da programación, terá superada a materia pendente.
2. Dado que na área de Lingua Galega e Literatura os contidos son progresivos, consideraráselles superada a materia pendente do curso anterior a aqueles alumnos que obteñan avaliación positiva en xuño na materia de Lingua Galega e Literatura do curso no que están matriculados.
3. Se un alumno non superase a materia pendente despois de aplicar os apartados 1º e 2º, deberá realizar unha proba final en maio, e en caso de non superala, terá dereito a realizar outra proba extraordinaria a finais de xuño.

O alumnado coa materia pendente deberá acudir ó profesor de Lingua Galega no presente curso escolar para resolver as dificultades que se presenten á hora de realizar as actividades que lle proporcionou o Departamento.

## 11. AVALIACIÓN INICIAL

Normalmente a finais de setembro ou principios de outubro realizamos a avaliación inicial. Este proceso comprenderá as seguintes accións:

- Análise dos informes individualizados do curso anterior.
- Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como a súa correspondencia coa falta de desenvolvemento das correspondentes competencias clave.

- Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación.
- Tamén, por medio dunha enquisa, imos saber se todo o alumnado dispón de equipos informáticos e conexión a Internet.

Cómprenos avaliar a expresión oral, escrita, a comprensión de textos e os coñecementos adquiridos en cursos anteriores (tipoloxía textual, morfoloxía, léxico, sintaxe...).

A expresión oral avaliarémola partindo da observación das participacións na clase e as lecturas realizadas nestes primeiros días.

O resto dos contidos avaliarémolos cunha proba escrita que constará dun texto (máis ou menos sinxelo, dependendo do nivel) e unha serie de exercicios de comprensión, comentario, ortografía, morfoloxía, sintaxe e léxico). Na proba xa se lles indicará aos alumnos os criterios de corrección e puntuación.

Esta avaliación serviranos para saber o tipo de alumnado do grupo e ademais para detectar se hai alumnos con necesidades educativas especiais.

## 12. PLAN LECTOR

Tendo en conta os resultados do traballo diario nas aulas e vistas as dificultades que presentan os nosos alumnos, chégase á necesidade de establecer un plan de actuación que posibilite corrixir as deficiencias en canto ao manexo da lectura e da escritura como ferramenta básica para o estudo e para entender calquera mensaxe que sexa preciso descifrar, tanto nas diferentes áreas, como nos contextos habituais da vida cotiá.

A incidencia dos problemas de lectura (xa sexa de comprensión, de hábitos, ou de fluidez) no fracaso escolar é transcendental, por isto todos os departamentos, non só os de linguas, temos que participar no Proxecto Lector do centro.

### 12.1 OBXECTIVOS

O **obxectivo xeral do Plan Lector** é formar lectores competentes, isto é, que lean comprensivamente todo tipo de textos, que saiban interpretar o que len, que sexan capaces de emitir xuízos críticos, que reformulen e transformen contidos, e que escriban correctamente.

#### **Obxectivos específicos:**

Desenvolver a competencia lectora do noso alumnado dende todas as áreas incorporando o uso da lectura, da escritura e das habilidades no tratamento e na produción da información na metodoloxía da práctica docente.

Fomentar o hábito da lectura, promovendo a consolidación de hábitos lectores relacionados tanto co terreo académico, como co ocio e o pracer persoal.

Fomentar a capacidade reflexiva e crítica ante a inxente cantidade de información e fontes ás que teñen acceso, e a habilidade para crear e producir información nunha variedade de formas para lograr as súas metas persoais, sociais e educativas.

Fomentar a inquietude por aprender para favorecer a autoaprendizaxe, incorporando as tecnoloxías da información e comunicación na procura, localización, selección, recollida, tratamento e produción da información en diversos formatos para transformala en coñecemento.

Apoiar a adquisición das competencias clave, especialmente: comunicación lingüística, conciencia e expresión culturais, competencia dixital, e competencia para aprender a aprender.

Utilizar os medios e recursos da biblioteca, integrándoa na práctica docente, transformándoa nun centro xerador de actividades que desenvolvan hábitos lectores, competencias escritoras e capacidade investigadora e de aprendizaxe.

Crear e desenvolver unha política lectora de centro que sistematice todas as estratexias encamiñadas ao fomento da lectura, escritura e alfabetización mediática e informacional (AMI), ao funcionamento da biblioteca como factor de compensación social e integración das fontes informativas.

Informar e implicar ás familias no Proxecto Lector para conseguir que se convertan en modelos de bos lectores e fagan uso da biblioteca como centro de documentación e lugar de información.

## 12.2 METODOLOXÍA E RECURSOS

Pretendemos potenciar a lectoescritura como instrumento indispensable para a aprendizaxe en todas as materias, por iso:

- ✚ Fomentaremos os distintos tipos de lectura, segundo a súa finalidade (ver **PL**).
- ✚ Potenciaremos actividades que favorezan a comprensión mediante o traballo con textos de progresiva complexidade.
- ✚ Ensinaremos estratexias e técnicas para resumir e reelaborar información.
- ✚ Traballaremos ao redor da **biblioteca escolar**, considerándoa centro de documentación, información e recursos. Daremos instrucións precisas para realización de traballos de investigación.
- ✚ Lectura e escritura entenderanse como dous procesos independentes, pero paralelos e complementarios.
- ✚ Aproveitaremos os medios de comunicación de masas e as **TIC**.
- ✚ En todo momento favoreceremos a investigación, a reflexión, o respecto e o estímulo.
- ✚ Valoraremos a creación literaria do alumnado.
- ✚ alumnado debe ser o protagonista do plan lector. Os textos, obras, temas deben ser seleccionados partindo das preferencias do alumnado.
- ✚ Deberemos ter por norma non esixir ao alumnado nada que non ensinamos previamente.

## 12.3 ACTIVIDADES

O Departamento de Lingua Galega e Literatura considera que a base da nosa tarefa educativa e docente é dotar ao alumnado das ferramentas básicas para a mellora da súa comprensión e expresión.

*Lectura de textos literarios.*

En todos os niveis facilitaremos ao alumnado unha selección de obras entre as que poidan seleccionar unha por trimestre. Cada alumno realizará un traballo, seguindo o guión que lle facilitará o profesor. O traballo puntuará o 10% da nota.

Fomentaremos a lectura individual comentando obras, propoñendo títulos e aconsellando ao alumnado. Toda lectura opcional incrementará a nota (+0.5). O alumno entregará para demostrar a lectura unha valoración da mesma.

#### *Textos escritos de diversa tipoloxía.*

Traballaremos todos os aspectos relacionados coa lectura e a comprensión:

- Emprego de distintos tipos de lectura (ver PL).
- Ensino e emprego de estratexias lectoras (subliñar, resumir...ver PL). A selección de textos adaptárase aos distintos niveis. Sobre estes textos realizaranse todo tipo de actividades: cuestións de comprensión lectora, busca e extracción de información, valoración, reflexión sobre a propia lingua...

#### *Textos orais.*

Empregando audicións traballaremos a comprensión e a expresión. O alumnado realizará breves exposicións orais preparadas sobre algún tema proposto polo profesor.

#### *Expresión escrita.*

Traballaremos as técnicas da redacción.

O alumnado creará breves textos utilizando o novo léxico que vaia aprendendo.

Realizarán escritos diversos (creativos, informativos...)

Traballarase sistematicamente a acentuación, ortografía e puntuación. Como consta na programación os erros ortográficos serán penalizados.

#### *Traballos de investigación. Uso e fomento da biblioteca e das TIC.*

En cada nivel de ESO os alumnos realizarán un traballo de investigación en relación con contidos da materia utilizando os fondos e fontes de información da biblioteca. O profesorado facilitará ao alumno o tema concreto, un guión e unha bibliografía. Así mesmo daralles as pautas para a presentación do traballo.

#### *Corrección.*

Todos os traballos que presenten os alumnos terán que respectar as normas ortográficas. Tal e como quedou reflectido na programación didáctica, penalizaranse as faltas. Poderá rebaixarse a nota ata un 20% dependendo da gravidade e do número de erros.

Valorarase de forma positiva a orde e a coherencia sintáctica, a presentación, a propiedade e a riqueza léxica.

#### *Outras actividades.*

*Actividades de animación á lectura do equipo de biblioteca.* O equipo da biblioteca leva a cabo actividades lúdicas (adiviñar un título partindo dunhas pistas, buscar o autor dunha obra...) para que o alumnado utilice a biblioteca, lea e se acostume a buscar información. O noso departamento fomentará a participación do alumnado nestas actividades.

*Creación de distintos tipos de textos para a revista escolar.*

*Club de lectura.* Os Departamentos de Lingua Castelá, de Lingua Galega e outros continuaremos co Club de lectura en todos os niveis da ESO. Grupos de rapaces que len ao mesmo tempo un libro e que se reúnen periodicamente para comentar a parte lida cos outros compañeiros e para participar nas actividades deseñadas (visión colectiva de películas baseadas nas novelas lidas, creación dun blog para que poidan expresar as súas opinións, talleres de escritura...). Debido á situación deste curso, serán grupos reducidos para poder manter a distancia de seguridade entre eles.

Tampouco realizaremos actividades como *encontros con escritores ou ilustradores, asistencia a representacións teatrais, excursións...*

## **12.4 TEMPORALIZACIÓN**

Ademais da nosa participación e colaboración na **Hora de ler**, o Departamento de Lingua Galega e Literatura dedicará unha hora semanal a realizar as actividades aquí programadas. Ao longo do curso lemos e traballamos as características de textos orais escritos de todos os tipos e en todos os formatos. Non só manexamos modelos de todos eles, senón que procuramos que o alumnado produza textos segundo as pautas que definen cada tipoloxía

## **12.5 ITINERARIOS LECTORES**

Contéplase a posibilidade de variar a listaxe das obras que se apuntan máis abaixo incluíndo as novidades editoriais máis recentes ou aquelas lecturas ligadas a actividades e encontros con escritores. Neste catálogo procuramos incluír tanto textos de lectura doada e próxima aos intereses como clásicos da nosa literatura.

A lectura dunha obra por trimestre non ten carácter obrigatorio, pero valorarase como un 1 punto da nota da avaliación. Ademais o alumnado poderá facer outras lecturas que lle sumarán 0,5 na nota (máximo 2 por trimestre).

### **Itinerario lector (1º e 2º ESO)**

O LABORATORIO DO DOUTOR NOGUEIRA. Agustín Fernández Paz.

AS FLORES RADIOACTIVAS. A. Fernández Paz.

O PAZO BALEIRO. Xabier P. Docampo.

AMEAZA NA ANTÁRTIDA. Ramón Caride.

A EXPEDICIÓN DO PACÍFICO. Marilar Aleixandre.

RESALGARIO. Antonio Reigosa.

A CASA DA LUZ. Xabier P. Docampo.

RAPAZAS. A. Fernández Paz.

O RESCATE DO PENEIREIRO. Marilar Aleixandre.

TRECE ANOS DE BRANCA. A. Fernández Paz.

AVENIDA DO PARQUE 17.A.Fernández Paz.  
O SEGREDO DA PEDRA FIGUEIRA.Mª Xosé Queizán.  
AS VIAXES DO PRÍNCIPE AZUL.Darío Xohán Cabana.  
A MALVADA MARÍA XOSÉ.Miguel Vázquez Freire.  
TONECHO DE REBORDECHAO. Breogán Riveiro.  
SEMPRE HAUSA. Xoán Babarro.  
O REINO IDEAL. Miguel Anxo Mouriño.  
COS PÉS NO AIRE. Agustín Fernández Paz.  
OS MEGATOXOS E O APRENDIZ DE DRUÍDA. Anxo Fariña.  
OS MEGATOXOS E A ESPADA ESMERALDA. Anxo Fariña.  
OS MEGATOXOS E OS TEMPLARIOS DA LUZ. Anxo Fariña.  
OS MEGATOXOS E A CARA OCULTA DA LÚA. Anxo Fariña.  
USHA. María Reimóndez.  
MIL COUSAS PODEN PASAR. Jacobo Fernández Serrano.  
VAICHE BOA! Paul Jennings.  
O BRINDO DE OURO. Xesús M. Marcos.  
O MONSTRO DAS PALABRAS. María Reimóndez.  
CHAMÁDEME SIMBAD. Francisco Castro.  
O TESOURO DAS ÁNIMAS. Conchi Regueiro.  
BALA PERDIDA, Manuel Rivas.  
XENARO E O MISTERIO DA MOCHILA VERDE, Mar Guerra.  
BRAIS E OS DEMAIS, Manuel Darriba.  
PETANDO NAS PORTAS DE DYLAN. Antonio García Teijeiro.  
AS LARANXAS MÁIS LARANXAS DE TODAS AS LARANXAS. Carlos Casares.  
O ACHADO DO CASTRO. M. Núñez Singala.  
A VOZ DO LAGO. Antón Riveiro Coello.  
LENDO LENDAS DIGO VERSOS. Antonio García Teijeiro.  
A ILLA DE TODAS AS ILLAS. Xabier P. Docampo.  
O CADERNO DE ÁNXELA. Raquel Ricart.  
A LAGOA DAS NENAS MUDAS. Fina Casalderrey.  
ATA QUE O SAIBAS TODO. Juan Cruz Igerabide.  
CORREDORA. María Reimóndez.

CANDO PETAN NA PORTA POLA NOITE. Xabier P. Docampo.

XOEL. Isabel- Clara Simó.

CARTAS DE INVERNO. Agustín Fernández Paz.

AIRE NEGRO. Agustín Fernández Paz.

ANXOS EN TEMPO DE CHUVIA. Miguel Vázquez Freire.

¡ASÚSTATE, MERCHE! Fina Casalderrey.

TRISTES ARMAS. Marina Mayoral.

ANAGNÓRISE. Victoria Moreno.

A BANDA SEN FUTURO. Marilar Aleixandre.

AMOR DOS QUINCE ANOS, MARILYN. A. Fernández Paz.

NASSIMA, Á SOMBRA DOS TALIBAN. Mercé Rivas Torres.

O CENTRO DO LABIRINTO. A. Fernández Paz.

¿SOBREVIVES? Fina Casalderrey.

AS COUSAS CLARAS. X.A. Neira Cruz.

FLANAGAN DE LUXE. A. Martí e J. Ribera.

MECANOSCRITO DA SEGUNDA ORIXE. Manuel de Pedroso.

HISTORIAS PARA CALQUERA LUGAR. Varios.

NOITE DE VORACES SOMBRAS. A. Fernández Paz.

UNHA ESTRELA NO VENTO. Ledicia Costas.

IRMÁN, REI ARTUR. Carlos Reigosa.

TRES PASOS POLO MISTERIO. A. Fernández Paz.

DE FEL A MEL. Patxi Zubizarreta.

IRMÁN DO VENTO. M. Lourenzo González.

MORNING STAR. Xosé Miranda.

PEL DE LOBO. Xosé Miranda.

HISTORIA DE GALICIA. Pepe Carreiro.

PASA-LO LÍMITE. Xavier Alfaya.

O INFERNO DE MARTA. Pascual Alapont.

SIDADES DE ANA. Jordi Sierra i Fabra.

CONTADOR DE ESTRELAS. Jaureguizar.

LÚA DO SENEGAL. Agustín Fernández Paz.

O ÚLTIMO TRABALLO DO SEÑOR LUNA, César Mallorquí.

QUEN MATOU A INMACULADA DA SILVA? Marina Mayoral.

CHAMANDO ÁS PORTAS DO CEO. Jordi Sierra i Fabra.

A SOMBRA DESCALZA. An Alfaya.  
RÚA CARBÓN. Marilar Aleixandre.  
ÁS DE BOLBORETAS. Rosa Aneiros.  
ILLA SOIDADE. An Alfaya.  
O SEGREDO DE MARCO POLO. Francisco Castro.  
O CORAZÓN DE XÚPITER. Leticia Costas.  
DO OUTRO LADO DO ESPELLO. Sierra i Fabra.  
O CLUBE DA CALCETA. María Reimóndez.  
AGOSTO DE 36. Xosé Fernández Ferreiro.  
POETÍZATE. Fran Alonso.  
COMEDIA BÍFIDA . Núñez Singala.  
A ESMORGA. Blanco Amor.  
OS BIOSBARDOS. Blanco Amor.  
OS DOUS DE SEMPRE. Castelao.  
COUSAS. Castelao.  
OS VELLAS NON DEBEN DE NAMORARSE. Castelao.  
A NOSA CINZA. Xavier Alcalá.  
Á LUS DO CANDIL. Ánxel Fole.  
XENTE DE AQUÍ E ACOLÁ. Cunqueiro.  
OS OUTROS FEIRANTES. Cunqueiro.  
VENTO FERIDO. Carlos Casares.  
RETRINCOS. UN OLLA DE VIDRO. Castelao.  
MEMORIAS DUN NENO LABREGO. Xosé Neira Vilas.  
DON HAMLET. Álvaro Cunqueiro.  
ARNOIA, ARNOIA. X. L. Méndez Ferrín.  
DOS ARQUIVOS DO TRASNO. Rafael Dieste.  
ARDALÉN. Miguel Anxo Prado.  
HORIZONTE DE SUCESOS. Anxo Fariña.  
MARXINADOS. Pepe Carballude.  
OS NENOS DA VARÍOLA. María Solar.  
O XOGO DE BABEL. Elena Gallego.  
MENTIRA. Care Santos.  
VERDADE. Care Santos.  
SEGREDOS NO SOLPOR. Iria Misa.



A CAIXIÑA DOS RANCORES. Héctor Cajaraville.

22 SEGUNDOS. Eva Mejuto.

## **12.6 AVALIACIÓN**

Cada profesor terá que avaliar os seguintes aspectos:

- Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
- A participación nas diferentes actividades e propostas feitas durante o curso.
- A adquisición de hábitos lectores.
- Traballo cooperativo e organización.
- A utilización dos recursos da biblioteca.
- emprego das TICs.

## **13. CONCRECCIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS**

Están relacionados cos obxectivos, tratándose durante todo o curso a CL (comprensión lectora), expresión oral e escrita (EOE), comunicación audiovisual (CA), as TIC e o emprendemento e a educación cívica e constitucional (ECC).

No cadro secuencial estes elementos transversais están relacionados cos obxectivos A, C, D, E, G, H, L, Ñ, O.

Os contidos transversais traballaranse fundamentalmente a partir dos textos así como a través dos diferentes apartados nos que se reparte a materia: ortografía, gramática, léxico, literatura, sociolingüística, etc...

### **13.1. EDUCACIÓN AMBIENTAL**

A partir dos distintos temas do programa pódese reflexionar sobre as consecuencias do despoboamento das zonas rurais; a contaminación nas grandes cidades e a importancia do uso dos transportes públicos; a reciclaxe dos residuos, etc...

### **13.2. EDUCACIÓN PARA A CONVIVENCIA**

Aproveitaremos as lecturas que aparecen nos manuais de texto; así como outras que lles proporcionemos nós, para analizar temas como a deshumanización na vida das grandes cidades, os problemas da emigración e a explotación laboral, etc...

### **13.3. EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA**

A partir do programa de Literatura, pódese aproveitar para falar sobre as desigualdades sociais e os dereitos do individuo na sociedade, fomentar unha actitude crítica fronte aos tratamentos ofensivos presentes nela; etc...

### **13.4. EDUCACIÓN MULTICULTURAL**

A literatura pode servir como punto de partida para reflexionar sobre a realidade multirracial e multicultural, fomentar a tolerancia e o respecto a todas as persoas e as súas manifestacións culturais, a necesidade de convivencia de diferentes culturas no mundo actual e valorar as diferenzas entre as persoas como fonte de enriquecemento, non de conflito.

### **13.5. EDUCACIÓN NON SEXISTA**

Pódese aproveitar o estudo do xénero no substantivo para sensibilizar o alumnado sobre a necesidade dun uso non sexista da linguaxe.

### 13.6. EDUCACIÓN PARA A SAÚDE

Partindo do vocabulario e das lecturas farase reflexionar o alumnado sobre aqueles hábitos que poidan ser prexudiciais para a saúde co gallo de que reflexionen sobre os seus perigos.

### 13.7. EDUCACIÓN PARA A TOLERANCIA E O RESPECTO

Aproveitaranse as diferentes actividades para levar a cabo unha reflexión sobre o racismo e o problema da xenofobia e debater sobre estes temas. Tratarase, así mesmo, de desenvolver o respecto polas aspiracións, gustos e afeccións dos demais así como a valoración das diferentes manifestacións artísticas e culturais.

## 14. TRATAMENTO DAS TICs

A presenza das TICs en todas e cada unha das áreas e materias que se imparten na ESO demostra a grande importancia que teñen como recurso para favorecer o proceso de ensino-aprendizaxe nesta etapa. A súa integración debe supor un cambio metodolóxico e unha adaptación a unha realidade social que xa depende dende hai tempo destas tecnoloxías e que, ademais, non deixan de experimentar un constante proceso de evolución e renovación.

O alumnado pertence a unha xeración que naceu e que se desenvolve nun contexto caracterizado pola presenza destas tecnoloxías dixitais e por isto cómpre tirar proveito das inmensas posibilidades comunicativas e expresivas que teñen as TICs para aplicarlas no traballo cotián, tanto dentro como fóra das aulas. É preciso, polo tanto, poñelas ao servizo da creación de medios didácticos que contribúan a favorecer a aprendizaxe e a ofrecer unhas ensinanzas acordes con esta sociedade da comunicación, e máis na área de Lingua Galega e Literatura, onde se pretende que as TICs sexan unha ferramenta para que o alumnado poida obter, interpretar, elaborar e valorar informacións e opinións de distinto tipo, e se convertan ademais nun recurso para traballar os distintos bloques de contidos.

Cómpre ter en conta as seguintes consideracións:

- As TICs non teñen efectos máxicos sobre a aprendizaxe nin xeran innovacións educativas *per se*, por iso o protagonismo do profesorado como guía e orientador do proceso de ensino-aprendizaxe é primordial.
- As TICs reforzan a aprendizaxe tanto en métodos de ensino expositivos como en métodos construtivistas, onde se lle dá un maior protagonismo ao alumnado no descubrimento de novos contidos.
- As TICs cómpre empregalas de xeito que o alumnado aprenda facendo cousas con elas: procura de datos, manipulación de obxectos dixitais, creación de información, audicións, proxeccións de vídeos, realización de actividades interactivas.
- Estas tecnoloxías empréganse tanto no traballo individual coma nos procesos de aprendizaxe colaborativa con grupos de alumnos, e tanto presencial coma virtualmente.
- Co emprego das TICs é preciso facer explícito o obxectivo e o contido da aprendizaxe, así como o tipo de competencia ou habilidade que se quere promover no alumnado.

As actividades que se poden realizar na aula son amplas:

- Acceso inmediato aos contidos e programas de todos os medios de comunicación (prensa, televisión...).
- Produción, recepción e publicación de textos. Participación en todo tipo de experiencias literarias de carácter dixital e interactivo.
- Estudo asistido por ordenador de contidos do currículo da área: morfosintaxe, autocorrección de ortografía...
- Acceso a textos, obras e autores pertencentes á nosa tradición literaria.
- Adquisición de destrezas en: procesador de textos, programas didácticos relacionados co currículo, navegación por Internet, uso apropiado de enciclopedias dixitais.

Enderezos web de interese para traballar determinados aspectos dos contidos de Lingua Galega e Literatura:

-Información sobre morfoloxía

<http://www.usc.es/~ilgas/morfos.html>

-Diccionario da Real Academia Galega

<http://www.edu.xunta.es/diccionarios>

-Varios vocabularios e léxicos

[http://www.usc.es/snl/term/andel-term\\_SNL.htm](http://www.usc.es/snl/term/andel-term_SNL.htm)

-Mapas dialectais

<http://www.usc.es/~ilgas/mapas.html>

-Biblioteca Virtual Galega

<http://www.bvg.udc.es>

-Literatura galega medieval

<http://www.usc.es/~ilgas/escolma.html>

## 15. PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO

En consonancia co disposto no *Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia*, o Departamento de Lingua Galega e Literatura traballará para garantir a adquisición dunha competencia en igualdade nas dúas linguas oficiais de Galicia.

Pola propia especialización das docentes do departamento, no marco do *Proxecto lingüístico de centro* e xunto coa comunidade educativa do CPI de Mondariz, faremos especial fincapé nos obxectivos e nas liñas de actuación recollidas nel, deseñadas para permitir un incremento no uso do galego nas actividades extraescolares e complementarias.

Para a promoción da dinamización da lingua galega no noso centro de ensino, o departamento colabora e **apoia o Equipo de Dinamización da Lingua Galega**, que cumpre un papel fundamental no deseño, posta en práctica e revisión do programa de promoción da lingua galega no instituto.

Neste sentido, será primordial atender á aprendizaxe non formal da lingua. Traballarase en equipo co resto do profesorado para converter o centro nun lugar que ofrezca contextos comunicativos diversos en galego que lle fornezan ao alumnado modelos lingüísticos adecuados a cada situación e favorezan as interacción entre iguais.

Daquela, serán recorrentes as ocasións en que o Departamento de Lingua Galega e Literatura traballe man con man do Equipo de Dinamización da Lingua Galega, como quedará patente nas memorias de final de curso de ambos os dous departamentos.

## 16. ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN DE CONVIVENCIA

Desde O Departamento de Lingua Galega e Literatura comprométese ao seguimento das directrices marcadas no plan de convivencia do centro.

### Obxectivos:

- Tentar reflexionar e concienciar ao noso alumnado da necesidade de formar persoas partindo da igualdade, para lograr ter un futuro máis democrático e equitativo.
- Corrixir a linguaxe sexista.
- Promover entre o alumnado a toma de conciencia da desigualdade real na nosa sociedade entre homes e mulleres, en relación coa repartición de tarefas e a asunción de responsabilidades.
- Identificar condutas inapropiadas dos rapaces cara ás rapazas, que pasan pola utilización de palabras ou actitudes que prexudican a igualdade de tratamento.
- Incentivar a cooperación e colaboración para o fomento da aprendizaxe mutua.
- Exemplificar e reflexionar sobre a igualdade de capacidades e dereitos.
- Dar a coñecer a problemática da violencia de xénero, identificando as súas características xerais.
- Xerar un pensamento crítico en relación á sociedade actual.

### Medidas e actividades:

- Facer alusións específicas nos días sinalados para as distintas conmemoracións: igualdade de xénero (25 de novembro, 8 de marzo..)
- Procurar saír ao paso de actitudes e comportamentos machistas.
- Traballo colaborativo e grupal.
- Promover unha actitude de respecto cara todos os membros da comunidade educativa.
- Facerlle entender ao alumnado que coidar o material é responsabilidade súa.

## 17. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

- Asistencia a proxeccións cinematográficas e representacións teatrais.
- Visita a museos, exposicións, etc. de interese cultural e que teñan relación coa materia.

- Visita a imprentas, publicacións periódicas ou outros medios de comunicación.
- Participación en diferentes actividades organizadas por institucións ou colectivos que teñen por obxecto a normalización da lingua galega.
- Participación en exposicións, concursos e certames de diversa índole.
- Colaboración cos diferentes equipos: TICs, Extraescolares, Biblioteca e Dinamización.
- Intercambios lingüístico-culturais con outros centros da Comunidade.
- Realizaranse todas aquelas actividades complementarias e extraescolares que poidan xurdir ao longo do curso relacionadas coa nosa materia e que o Departamento considere de interese para o alumnado.

## 18. MATERIAIS CURRICULARES E RECURSOS

Durante este curso escolar 2022-2023 mantemos os seguintes libros de texto:

- Segundo curso: **Lingua galega e literatura 2**. Editorial Anaya.
- Cuarto curso: **Lingua e literatura 4 ESO**. Ed. Anaya.

Contamos ademais cos seguintes materiais de apoio que poden reforzar e ampliar o estudo dos contidos da área de Lingua galega e Literatura:

- CD audio do libro do alumno: audición do texto que abre a unidade e mais da lectura inicial. escoitarano na casa e farase a lectura na clase.
- Recursos fotocopiabes da Proposta didáctica, con actividades de reforzo e ampliación e lecturas complementarias para traballar a comprensión lectora.
- Material fotocopiabes dos Cadernos complementarios de ortografía, léxico, morfosintaxe e expresión escrita.

### Recursos dixitais:

- Libro dixital: os alumnos e alumnas poderán reforzar ou ampliar os contidos estudados utilizando os recursos dixitais dispoñibles.
- Enlaces web: <http://anayaeducacion.es> e páxinas que se suxiren no libro do alumno.
- Enlaces web: <http://editex.es> con recursos e presentacións para o profesorado.

## 19. COMPOÑENTES DO DEPARTAMENTO

O Departamento de Lingua Galega e Literatura está integrado durante este curso escolar polos seguintes docentes:

- **Darío Álvarez Moure**, xefe de Departamento, que impartirá Lingua Galega e Literatura nos grupos: 1º D, 3ºB, 4ºA e 4ºB.
- **Concepción Moure Martínez**, impartirá Lingua Galega e Literatura nos grupos: 1º A, 1º B, 1º C, 3º A.
- **Antía Álvarez Moure**, impartirá Lingua Galega e Literatura nos grupos: 2º A, 2º B, 2º C, 2º D, 3º AE. Impartirá Inglés no grupo: 3º AE

## 20. AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN

Propoñemos o uso dunha ferramenta para a avaliación da programación didáctica no seu conxunto; esta pódese realizar ao final de cada trimestre, para así poder recoller as melloras no seguinte. A devandita ferramenta descríbese a continuación:

ASPECTOS A AVALIAR	A DESTACAR...	A MELLORAR...	PROPOSTAS DE MELLORA PERSOAL
Temporalización das unidades didácticas			
Desenvolvemento dos obxectivos didácticos			
Manexo dos contidos da unidade			
Descritores e desempeños competenciais			
Realización de tarefas			
Estratexias metodolóxicas seleccionadas			
Recursos			
Claridade nos criterios de avaliación			
Uso de diversas ferramentas de avaliación			
Portfolio de evidencias dos estándares de aprendizaxe			
Atención á diversidade			
Interdisciplinariedade			

## 21. ANEXOS

### ANEXO I

#### RÚBRICA DE AVALIACIÓN DE TEXTOS ESCRITOS E EXPRESIÓN ORAL

##### Textos escritos

	4	3	2	1
<b>PRESENTACIÓN</b>	Enténdese a letra con claridade. Presenta o escrito limpo, ordenado, sen borróns e coas marxes adecuadas.	Enténdese a letra con claridade, hai algunha corrección esporádica pero o aspecto xeral é de limpeza. Garda as marxes xeralmente, aínda que algunha vez non é estrito.	Enténdese a letra na maior parte dos casos ou hai máis dun borrón.	Non se entende ou o aspecto que presenta é de sucidade.
<b>ELABORACIÓN</b>	O texto está elaborado seguindo unha planificación previa, ben estruturado e cunha conclusión clara.	Vese que houbo unha planificación previa, pero non se seguiu adecuadamente ou tiña algunha deficiencia. Está bastante ben estruturado e cunha conclusión clara.	Non houbo preparación previa ou foi pouco adecuada para enmarcar o texto. Hai algún erro na estrutura ou a conclusión non é moi clara.	Non houbo planificación. Hai erros importantes de estrutura e a conclusión non é clara.
<b>CLARIDADE E COHERENCIA</b>	O texto está redactado de forma clara e coherente. Enténdese todo, enlaza as ideas, segue unha estrutura coherente.	Expresa as ideas de forma clara, pero o transmitido é menos preciso.	Hai ideas claras, pero moitas están confusas e non se entende ben o que quere dicir.	Non hai claridade na redacción e na expresión de ideas, ideas inconexas.
<b>VOCABULARIO</b>	O vocabulario empregado é preciso e amosa riqueza semántica no tema tratado. Está enriquecido polo alumno/a e integrou todos os termos traballados.	O vocabulario é correcto e preciso, pero podería ser un pouco máis rico. Algunha das palabras úsaas dun modo un pouco forzado.	O vocabulario non é moi rico ou é pouco específico para o tema.	O vocabulario empregado ten erros ou é demasiado pobre para o tema tratado, non recolle nin a metade dos termos traballados.
<b>ORTOGRAFÍA</b>	Coñece e aplica as normas ortográficas, polo que non hai erros ortográficos.	Hai como máximo dous erros ortográficos.	Hai entre 2 e 6 erros ortográficos.	Hai máis de 6 erros ortográficos.

## Expresión oral

	4	3	2	1
CONTIDOS	Cando fala sobre un tema presenta os contidos máis relevantes, pon exemplos, realiza conexións coa súa vida ou con outras materias.	Presenta contidos relacionados co tema do que fala, achega algún elemento persoal, pero faltan exemplos e transferencias.	Os contidos presentados son pobres (non coñece ben o tema tratado), pero son coherentes e están relacionados co tema.	Os contidos sobre o tema son moi escasos, hai moitas referencias a outros temas que non son relevantes ou non se entenden.
VOCABULARIO	Emprega un vocabulario rico para o tema que está tratando e utiliza as palabras con corrección normativa. A linguaxe é precisa.	Emprega un vocabulario adecuado para o tema, pero comete algún erro nalgunha das palabras.	Utiliza vocabulario básico de maneira correcta.	O vocabulario é pobre e non describe con exactitude o tema tratado.
EXPRESIÓN	Utiliza construcións gramaticais complexas, aplicando as coñecidas nos temas tratados. Mantén a concordancia gramatical sempre.	Utiliza construcións gramaticais simples, pero de modo correcto. Comete algún erro, pero non é significativo. Nalgún caso pode cometer erros tamén de concordancia.	Utiliza algunha construción gramatical correcta, pero son pobres e comete moitos erros.	As construcións gramaticais son erróneas.
ESTRUTURA	A estrutura da conversa, exposición, explicación, está organizada segundo unha orde lóxica. Argumenta o porqué desa orde e atense a ela. Presenta a estrutura de partida. Móstrase flexible segundo necesidades nesa estrutura.	A estrutura é clara, aínda que ás veces non dá razón do porqué desa estrutura. Ten dificultades para variala ou deixa algún punto sen tratar.	Hai unha estrutura detrás do discurso, pero non sempre se segue (polo menos un 50%).	Non hai estrutura, non segue unha orde lóxica.
EMPREGO DA LINGUA	Emprega os coñecementos sobre aspectos de vocabulario, gramática... de maneira natural no seu discurso. Fala en lingua galega con corrección. Exprésase con fluidez.	Emprega algúns coñecementos sobre temas traballados en relación coa lingua en vocabulario e gramática, pero non todos (polo menos un 80%). Non sempre se introducen de maneira natural. Fala sempre en galego. Exprésase con fluidez.	Emprega algún elemento traballados, pero supón un esforzo claro ou faino por indicacións externas. Nalgún caso, utiliza palabras en castelán. Estes aspectos dificultan a fluidez da exposición.	Non fala todo o tempo en galego. Emprega poucos ou ningún elemento dos traballados sobre a lingua no curso, e en cursos anteriores.



